


Obradoiros no Camiño

Guía de viaxe da arte e da artesanía nas rutas xacobeas



Todo o material gráfico desta obra reproducése con autorización dos seus propietarios

Coordinación, diseño e maquetación

Paula Cantero, origamiestudio.com

Documentación e textos

Nando Pereiro

Diseño e ilustración de capa

Daniel Vilas

Obra realizada para o Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia ao abeiro do Plan de reactivación nos sectores turístico e cultural fronte aos efectos da covid-19.

ÍNDICE DE ICONAS

-  Artesanía / arte de reciclaxe
-  Artesanía en metal
-  Artesanía en papel
-  Calzado
-  Cerámica e olería
-  Complementos
-  Coiro
-  Escultura en madeira
-  Escultura en pedra
-  Instrumentos musicais
-  Lámpadas e iluminación
-  Mobles
-  Moda e tecidos
-  Pintura
-  Xoguetes
-  Xoiería e ourivería
-  Outros

Manexo da Guía



Camino Inglés

Formas de metal, de coiro, ou cerámica. Artes persoas. E, como non, os nosos instrumentos. Inglés florece a diversidade dende a cidade de...

VER O OBRADOIRO

IR AO ÍNDICE





Mimadriña

Como habitante da beiramar, Palmira demostra unha querencia especial pola representación de escenas nas que o océano e as súas criaturas son protagonistas.

VER MAPA

Rúa da Coruña, n.º 46 - Sardieiro de Abaixo | 15153 Fisterra
+34 647 773 652
mimatenda@gmail.com
@mimadrinhaartesaniaeducacion
@mimadrinha
www.mimadrinha.com
Tarde. Cita previa

MAIL
RR.SS.
WEB

CAMIÑO DE FISTERRA-MUXIA

— Mimadriña —

107

SANTIAGO DE COMPOSTELA

20

AVANZAR / RETROCEDER

Esta guía é interactiva. Empregue a barra de navegación e os hipervínculos para acceder ao contido.



Índice

6 Limiar

Camiño Francés

- 10 Arxemil Luthería
- 12 Obradoiro Arte-San
- 14 Santiago Besteiro
- 16 Castillo del Lobo
- 18 Laia Zapateiros

Camiño Inglés

- 21 Mi Recuncho del Repujado
- 23 Rosa Higuero
- 25 Ana Rosetón
- 27 Arobe Cerámica
- 29 Oitenta
- 31 D-Raíz
- 33 Chueco
- 35 Códice Encuadernación
- 37 Belategui Regueiro
- 39 Joyas Siliva
- 41 Manels Percusión

Vía da Prata

- 44 Morenita Percusión
- 46 Queiper Laza
- 48 Rosa Artesanía
- 50 Yanet Ruíz
- 52 Antolín Álvarez González
- 54 Rir & Co
- 56 Logaro
- 58 Cisne Taller Artesano
- 60 Telartesan
- 62 O Covil
- 64 Iris Branco
- 66 Taller Arbor

Camiño Portugués e Portugués da Costa

- 69 Adanegra
- 71 areladefe
- 73 Bo Camiño
- 75 Marcos Escudero
- 77 Lago:Monroy
- 79 Patricia Fornos

- 81 Marcos Mariño Seoane
- 83 Manuel Collazo Torres
- 85 Artesanía Silvent
- 87 Camilo Seira
- 89 Obradoiro Seoane
- 91 Silvereira

Camiño do Norte

- 94 Lucía Catuxo Cerámica
- 96 Mircromina. Taller dos Títeres
- 98 Fernando Vilariño
- 100 Katova
- 102 Pequeno Tres Pesos

Camiño de Fisterra-Muxía

- 105 Ultramarte. La Casa Azul
- 107 Pécora
- 109 Woodworks Bushmann Bella
- 111 Mimadriña
- 113 Moncho Artesanía en Cuero
- 115 Maranxo
- 117 Viki Rivadulla

Santiago de Compostela

- 120 Susi Gesto
- 122 Kinga Haudek
- 124 Brigantia Orfebres
- 126 Boneco Tolo
- 128 Jatafarta
- 130 Boina Galega
- 132 ilexTalla
- 134 Io Obradoiro Téxtil
- 136 Nonaut

Limiar

Galicia é unha terra de talento. Aldeas, vilas e cidades bolen co trafego de centos de mans dedicadas a manter un dos nosos recursos máis valiosos: a tradición artesá. Por suposto que esas mans van unidas indefectiblemente a unha mente —para o que suscribe valería igualmente falar de espírito ou corazón— que atesoura a capacidade de transformar unha idea, ás veces un suspiro, nun obxecto material susceptible de conquistar o desexo doutro ser humano. A mesma aseveración podémola facer tocante a esoutras *criaturas* non sempre comprendidas que son os e as artistas, verso libre á vez que espello da nosa sociedade. Cabe sinalar que a fronteira, se a houbese, entre as distintas modalidades de artífice é cando menos feble abondo como para que tanto nun coma noutro caso se poidan identificar trazos comúns. As propias persoas entregadas a estes oficios, a miúdo, transgreden a dita categorización para produciren tanto pezas seriadas para o gran público coma obras únicas e irrepetibles. En non poucas situacións, mesmo os obxectos seriados posúen, individualmente, detalles que fan que cada un deles posúa identidade propia, polo que carece de sentido pretender clasificar en categorías estancas a unha caste de profesionais que fan do seu traballo un acto de rebeldía contra a estandarización. A única etiqueta, cando a levan, correspóndelle ás súas pezas, prendas ou instrumentos, e mesmo neste caso, non servirán para que o máis tenaz dos estudosos sexa quen de determinar con absoluta rotundidade se se atopa ante unha obra de arte ou un produto de artesanía.

Cando nos propuxemos elaborar unha guía que recompilase o rico panorama de obradoiros na contorna dos camiños a Santiago non tiñamos máis ca unha idea aproximada, quizais unha suposición, do que a dita tarefa podería implicar. Non dispoñíamos dun directorio específico ao que dirixirmonos para consultar a información que precisabamos. Grazas á pescuda a través de Internet, incluído o rastrexo con aplicacións de mapas e imaxes de satélite, puidemos xerar un listado nutrido abondo como para facer unha primeira estimación do número aproximado de creadores cos que poderíamos contar para o noso proxecto. Desafortunadamente, a pandemia Covid-19 trouxo aparelladas diversas dificultades, principalmente en forma de restricións, que facían moi complicado visitar tódolos obradoiros no tempo do que dispoñíamos para conseguir o noso obxectivo. Neste punto debemos agradecer a inestimable colaboración de tódolos e tódalas artistas, artesáns e artesás que acudiron ao noso chamamento. Ben certo é que a nosa iniciativa ía claramente dirixida a fomentar o coñecemento e posta en valor dos seus oficios, mais non lle resta mérito ao feito de teren dedicado unha parte do seu valioso tempo a proporcionarnos datos e fotografías, ou a atender as entrevistas telefónicas que nos permitiron reunir a información precisa tocante á súa persoa e ao seu traballo. Cómpre facer unha mención particular á asociación Creativas Galegas, a través da que puidemos contar coa achega de varias das súas integrantes.

Durante a elaboración da presente publicación, foron facéndose evidentes certas cuestións que convidan a reflexionar sobre a situación do noso continxente creativo na contorna das rutas xacobeas. A primeira é que, como cabía agardar, os núcleos urbanos semellan concentrar a maior densidade de obradoiros, dándose a triste circunstancia de que nalgunha das rutas, caso do Camiño do Norte e do Camiño Primitivo, apenas atopamos artistas ou artesáns, e aqueles que conseguimos achar declinaron participar no proxecto. O reverso positivo desta constatación é que existen itinerarios virxes e sen explotar para calquera persoa que se sinta motivada para instalarse neles e beneficiarse dun fluxo sostido de peregrinos, ou o que é o mesmo, potenciais clientes dos seus produtos. Pode semellar unha aventura levar o noso talento e bo facer a un lugar afastado dos núcleos máis populosos, e seguramente sexa certo, mais non se poden esquecer as cada vez máis louvadas vantaxes da vida no rural, así coma a posibilidade de iniciar un proxecto laboral sen as trabas e a competencia que supoñen a miúdo as vilas e pobos máis grandes. Especialmente nun ano coma o que ten sufrido a azouta do coronavirus, non son poucas as persoas que se teñen reformulado a súa maneira de habitar o espazo que compartimos, e chegan a conclusións que poderían ser un bo punto de partida para acometer a necesaria repoboación das nosas aldeas, adormentadas por un éxodo cara as cidades iniciado hai décadas.

Outra das situacións recorrentes que atopamos na nosa procura de obradoiros dispostos a abrílles as súas portas aos visitantes foi a daquelas persoas que, por circunstancias variables, non poden dispoñer dun espazo segregado para exercer a súa actividade creativa, levando a cabo o seu labor na mesma vivenda que ocupan. Como o noso obxectivo é unir, dunha banda, aqueles camiñantes que percorren os camiños a Compostela, e, doutra, eses profesionais que se atopan nas inmediacións das ditas rutas, entendemos que non tiñan cabida nesta publicación concreta, malia mereceren toda a nosa consideración e respecto. De tódolos xeitos, supoñemos que os seus produtos chegarán a un gran número de persoas a través de tendas, mostras ou de Internet, e por iso tería sido igualmente interesante nomealos e dar a coñecer a súa existencia, como unha forma de darlles a difusión que merecen, máis aínda se cabe nun momento coma o actual.


No eido particular foi enriquecedor descubrir a gran diversidade e calidade das propostas que atopamos entre os nosos creadores e creadoras. Cunha produción perfectamente capaz de conquistar os mercados internacionais, na nosa particular canteira contamos con representantes de diversos eidos: dende a fabricación de instrumentos musicais á ourivería, dende a moda sostible ao traballo na pedra, dende a transformación do coiro á talla en madeira. Son só algúns dos exemplos que podemos nomear, pero hai máis: pintura, cerámica, encadernación etc.

Esta guía procura ser un moi resumido achegamento á actividade que desenvolven os nosos obradoiros artísticos e artesáns. Pretendemos que sirva de folia de ruta para ampliar a experiencia vital e cultural das persoas que percorren os camiños a Santiago, e tamén daquelas outras que, sen atoparse facendo a peregrinación, arelan descubrir ese mundo inédito dos nosos talleres e adquirir o froito que neles se cultiva con gran paciencia e agarimo. Consideramos que nada hai máis enriquecedor, nuns tempos nos que a virtualidade e as novas ferramentas dixitais permiten darse a coñecer en millóns de fogares, que a experiencia directa de reunirse co facedor ou facedora no seu templo, respirando a atmosfera singular que cada espazo de creación posúe, e sentindo a emoción que só unha persoa entregada ao seu labor artístico ou artesán pode transmitir. Somos conscientes de que, noutros países non tan afastados, a dita dispoñibilidade é merecedora de, cando menos, unha achega económica simbólica. Nós conformámonos coa posibilidade, que intuimos moi realista, de que ese contacto próximo coas nosas xentes manufactureras faga que desexemos apropiarnos dun anaquiño da maxia que atesouran en forma de xoia, talla ou instrumento. Ha ser, sen dúbida, a mellor contribución que poderemos facer pola pervivencia dos nosos obradoiros, calquera que sexa o camiño que nos leve ata eles.

As rutas

Con orixe ou punto de chegada na cidade xacobeá, cada un dos camiños que percorre a xeografía galega seguindo a frecha amarela conta cos seus propios fitos e puntos de interese. Os obradoiros de arte e artesanía son parte dese atractivo e contribúen a facer máis plena a nosa vivencia desta aventura secular.

- CAMIÑO FRANCÉS
- CAMIÑO INGLÉS
- VÍA DA PRATA
- CAMIÑO PORTUGUÉS E PORTUGUÉS DA COSTA
- CAMIÑO DO NORTE
- CAMIÑO DE FISTERRA-MUXÍA



Camiño Francés

Madeira e coiro, xoias e zanfonas. O itinerario xacobeo por excelencia é un mostrario dos antigos oficios, tan indispensables hoxe coma antano; neles apousa a sabedoría transmitida e a gañada nos camiños da vida.





Arxemil Luthería

Cunha habelencia que reúne as cualidades do ebanista e o técnico musical, o noso artesán decora e esculpe caixas e mastros para lograr pezas únicas.

📍 Marqués de Ugena n.º 48 | 27600 Sarria

📞 +34 616 130 995 | +34 982 533 654

✉ xermaluth@arxemil.com

🌐 www.arxemil.com

🕒 Tarde. Cita previa

A característica esencial que define un instrumento musical é, sen dúbida, a súa sonoridade ao ser accionado polo intérprete. Para acadar a perfección deses acordes é preciso un gran coñecemento técnico non só por parte de quen o toca, senón tamén do seu construtor. Ademais, no caso dos instrumentos tradicionais, engádese un importante elemento artesanal que os converte en obxectos de gran valor estético e etnográfico.

Un dos profesionais máis afamados neste eido en Galicia é Xermán Arias López. Natural de Barbadele, no Camiño Francés, e cunha inclinación pola música

dende novo, o xa pioneiro Taller de Instrumentos Musicais da Deputación de Lugo deulle a oportunidade de comezar a formarse na materia. Entre 1986 e 1994 adquire, baixo a dirección dos irmáns Jesús e Luciano Pérez, os fundamentos do oficio que desenvolverá no seu propio obradoiro a partir desa data. Xermán valora moi positivamente as experiencias adicionais que levou aparelado o programa formativo: cursos de interpretación de zanfona e construción de instrumentos a cargo de expertos franceses, congresos, exposicións etc. Tamén participa na reconstrución dos instrumentos

do Pórtico da Gloria, do Pazo de Xelmírez e das Cantigas de Santa María, dando vida á petrificada banda sonora que interpretan as tallas medievais.

De volta en Sarria, Xermán rememora os seus comezos en solitario. Logo de traballar co luthier Cristiant Rault no país veciño, volta a Galicia e especialízase na construción e reparación de instrumentos de corda friccionada, dos cales posiblemente sexan as fermosísimas zanfonas o emblema da casa. Cunha habelencia que reúne as cualidades do ebanista e o técnico

musical, o noso artesán decora e esculpe caixas e mastros para lograr pezas únicas. A excelsa familia dos instrumentos barrocos tamén ten cabida no obradoiro, tanto con creacións propias como na nutrida colección de violíns, violas e violoncelos antigos que ofrece ao público.

Cando é preciso, Xermán troca o mandil polo traxe tradicional e sae para facer soar a zanfona polas rúas en eventos enxebres coma os Cantos de Taberna ou o Domingo das Mozas, participando deste xeito de maneira activa na pervivencia da nosa cultura popular. ●





Obradoiro Arte-San

Amais de tallas de tema relixioso para diversos templos, sonlle encomendados traballos de gran meticulosidade, coma a restauración de retablos e imaxes en estado de deterioración. En calquera dos casos, a simboloxía e a expresividade das pezas son dúas das características máis salientables nestas obras.

- 📍 Rúa Maior, n.º 49 baixo | 27600 Sarria
- 📞 +34 982 532 442 | +34 653 498 621 | +34 647 209 267
- ✉ arte-san@hotmail.es
- 🕒 De luns a venres de 12.00 a 22.00



En ocasións, a localización xeográfica condiciona, ou quizais deberíamos dicir inspira, boa parte do traballo dos nosos creadores manuais. Algo disto acontece coa localidade de Sarria, lugar de paso obrigado no Camiño Francés. Alí, nun espazo inaugurado nun ano tamén emblemático coma 1993, o tallista José Luis García Moreira e a súa dona, Beatriz Vila, consolidaron un tándem creativo que enriquece sobremaneira a identidade xacobeá desta poboación luguesa.

Con José Luis ás gubias e formóns, e Beatriz exercendo os labores de policromía, o obradoiro Arte-San converteuse por méritos propios nun deses lugares que mellor recollen a esencia da tradición, representada por oficios cada vez máis infrecuentes coma o da talla en madeira. A vulgar polas verbas de José Luis, a vocación estaba aí, soterrada, e abondou con achegarse movido pola curiosidade, sendo un cativo, aos obradoiros que se impartían na súa localidade para descubrir a que sería a súa paixón por

riba doutras tarefas que lle servirían de sustento ao longo dos anos. El mesmo, co tempo, devolvería agradecido os coñecementos que recibiu, engadindo boa parte do seu saber autodidacta, a través dos cursos que ofrece a entusiastas de tódalas idades.

Como sinalabamos, ten unha boa parte da súa produción ten a súa razón de ser no universo xacobeo, plasmado en impresionantes murais que reproducen fielmente os detalles da catedral compostelá. Coma moitos artesáns, o seu obradoiro está aberto a todo tipo de encargos, se ben un bo número dos que entraron ata agora teñen a súa orixe no estamento eclesial. Amais de tallas de tema relixioso para diversos templos, sonlle encomendados traballos de gran meticulosidade, coma a restauración de retablos e imaxes en estado de deterioración. En calquera dos casos, a simboloxía e expresividade das pezas son dúas das características máis salientables nestas obras.

Tamén na talla en pedra destaca a faceta escultórica do noso protagonista, con traballos para a posteridade coma a efíxie do rei Alfonso IX, na praza do concello da vila por el fundada, a mesma que acolle tanto o rebulir dos peregrinos coma o traballo sempre inspirado de Beatriz e José Luis na intimidade do seu obradoiro.





Santiago Besteiro

Baixo un concepto de minimalismo formal, os complementos desta firma sedúcennos con liñas limpas e ángulos rectos, enmarcando a calidez e textura natural da pel de curación cen por cen vexetal.

📍 Leborei, n.º 2 | 27560 Monterroso

📞 +34 661 210 044

✉️ design@santiagobesteiro.com

📘 @santiagobesteiro.design

📷 @santiagobesteiro

🌐 www.santiagobesteiro.com

🕒 Luns a venres de 11.30 a 13.30 e de 17.30 a 20.00. Cita previa



Malia que a filosofía desta guía contempla dar conta daqueles obradoiros situados nun radio de poucos quilómetros respecto ao trazado dos camiños a Santiago, ás veces xorde a dúbida de canto é razoable desviar os pasos do peregrino da ruta establecida. A resposta non é doada, pois require de estimar distintas variables tocante ao esforzo, o tempo requerido para visitar o espazo de creación etc. En calquera caso, se unha proposta de calidade acha o seu terreo propicio nas inmediacións do sacro itinerario, sentímonos na obriga de falar dela. A de Santiago Besteiro Design é digna merecedora deste tratamento, como veremos a seguir.

Cunha formación ás costas en Belas Artes e deseño, este lugués decidiu emprender a aventura da artesanía perseguindo un obxectivo moi ambicioso: facer das súas pezas auténticas obras de colección. Un exercicio de deseño contemporáneo no que a vertente escultórica resulta evidente. Baixo un concepto de minimalismo formal, os complementos desta firma sedúcennos con volumes limpos e liñas orgánicas, enmarcando a calidez e textura natural da pel de curación cen por cen vexetal.

A costura realízase a man con fío de liño, tecido empregado na nosa terra dende tempos inmemoriais.

Non podemos esquecer tampouco unha das señas de identidade da casa: os detalles funcionais en madeira de oliveira e pradairo, que introducen a beleza da veta e a súa fusión cromática coa pel humana en contacto co prezado accesorio.

Apostando por un ideal holístico, que abrangue a sostibilidade ao longo de todo o proceso e durante toda a vida útil do produto, Santiago insiste no emprego de medios de confección respectuosos co medio ambiente, así como na doutrina *slow fashion*, que procura, sen renunciar ao refinamento estético, crear obxectos duradeiros e capaces de avellentar con estilo.

Como bo transmisor dos coñecementos técnicos que atesoura, o noso artesanía préstase a colaborar na formación de aprendices, co patrocinio da administración autonómica e o organismo Artesanía de Galicia, unha experiencia que, ao igual que as pezas deste obradoiro, está destinada a perdurar e dar a satisfacción como froito do traballo ben feito.



Castillo del Lobo

Jose alumea o espírito das persoas que o visitan coa beleza e mensaxe das súas pezas. En todas elas hai referencias á fauna, ao mundo místico, á peregrinación ou á iconografía céltica.

📍 San Xulián do Camiño, s/n | 27204 O Cotón

📞 +34 600 211 373

✉️ castillodelobo@gmail.com

📘 Castillo del Lobo

📷 @castillodelobooo

🌐 www.castillodelobo.com

🕒 Mañá e tarde



© Pedro Eliseo Agrela

A historia de Jose é unha das que mellor ilustra a maxia que posúe a ruta xacobeá e a súa capacidade para transformar o destino. Cunha traxectoria laboral centrada na construción, un bo día do ano 2009 decidiu botarse a camiñar cos pés espidos! e a única compañía do seu fiel compañeiro canino na procura dun cambio vital e profesional que lle bulía

no seu interior. Ao pisar terras galegas, foi atopando gran cantidade de predios abandonados que unha persoa coa súa experiencia podería restaurar e converter en fogar. E así aconteceu; logo de acadar a meta en Compostela, Jose continuou camiño ata Fisterra, onde coñeceu a Franziska, a súa parella dende entón. Xuntos comezaron unha nova vida nun dos lugares que o noso protagonista

descubrira durante o seu periplo, ao mesmo pé do camiño de Santiago.

Composta de varios espazos repartidos entre vivenda, tenda-obradoiro e un centro de masaxes, a casa foi integramente rehabilitada polo noso artesán, aplicando boa parte dos seus coñecementos tocante á edificación. A medida que avanzaba na colosal tarefa, Jose foi adquirindo outros talentos profesionais que lle serían moi útiles na súa faceta creativa: coa instalación de auga aprendeu a técnica da soldadura, e co traballo de reconstrución fíxose canteiro. Desta bagaxe autodidacta naceu unha vocación artesá coa que completar a viraxe á súa existencia que supuxo o Camiño.

Mentres Franziska atende o centro de Shiatsu e masaxe terapéutica que tan bo servizo lles presta aos camiñantes, Jose alumea o seu espírito coa beleza e mensaxe das súas pezas. En todas elas hai referencias á fauna, ao mundo místico, á peregrinación ou á iconografía céltica. Enteiramente confeccionadas a man sobre unha base de prata, cobre ou latón, a miúdo van acompañadas de minerais preciosos coma xaspe, malaquita ou distintas variedades de seixo, incluída a amatista.

Pendientes, pulseiras, colgantes ou aneis agardan escintilantes a escollo da súa alma correspondente no interior do templo, como a Jose lle gusta de chamar ao seu espazo familiar e de traballo. Nós non podemos senón aconsellar a quen pase a carón daquel que deteña os seus pasos para deixarse cativar pola súa maxia; cando retomen o traxecto algo terá cambiado nas súas vidas. ●





Laia Zapateiros

Cunha habelencia na confección de calzado conseguida a base de dedicación, práctica e perfeccionamento ao longo dos anos, o noso protagonista concédelle unha importancia primordial á materia prima, elixindo coiros de alta calidade.

📍 Praza do Convento, n.º 4 | 15800 Melide

📞 +34 626 252 054 | +34 626 881 433

✉ info@laiazapateiros.com

📘 @laiazapateirosmelide

📷 @laia_zapateiros

🌐 www.laiazapateiros.com

🕒 Luns a venres de 10.00 a 13.30 e de 16.30 a 20.00,
e sábado e domingo de 10.30 a 14.00 h



Os oficios artesanais relacionados co coiro teñen un dos seus berces con máis sonda en Galicia nas terras de Melide. Na mesma vila xacobeá atopamos a un dos continuadores desta tradición, Xosé Ramón Laia. De formación autodidacta, Ramón comezou moi novo neste labor, cara mediados dos anos oitenta, e, logo de obter a Carta de Artesán que outorga a administración autonómica, estableceuse co seu obradoiro no ano 1994.



Cunha habelencia na confección de calzado conseguida a base de dedicación, práctica e perfeccionamento ao longo dos anos, o noso protagonista concede unha importancia primordial á materia prima, elixindo coiros de alta calidade obtidos mediante curtición vexetal e tratados con graxas e tintes naturais. Tocante ao cosido, segue a técnica coñecida como *empalmillado*, que garante a flexibilidade e resistencia no tempo do zapato. O resultado deste traballo é un calzado brande e de total transpiración, cómodo e anatómico, que se converte na mellor escolla para aquelas persoas que lle conceden prioridade á comodidade e a saúde do pé, mais que tamén valoran a discreta elegancia dun deseño atemporal.


Amais de botas, zapatos ou sandalias, complementos coma bolsos, carteiras e cintos tamén locen a marca Laia, co mesmo selo de calidade que os seus irmáns da casa. E tampouco faltan, como en tantas outras factorías artesanais, os traballos personalizados a medida da clientela. Consciente de que o mercado non sempre logra satisfacer as necesidades individuais, o obradoiro pon a disposición de quen o solicite unha ampla gama de anchos e numeracións, como demostra o stock de produto rematado que ten en exposición no mesmo establecemento.

Se ben Ramón dedica a maior parte do seu tempo ao traballo que desenvolve no seu céntrico obradoiro, de cando en vez acha un oco para atender a grupos turísticos con guía e visitas didácticas escolares, cando non é el o que se despraza aos centros educativos para falar do seu fermoso oficio, posiblemente o que máis ten contribuído a facilitar a actividade de camiñar que é a esencia mesma da peregrinación. Neste punto ousamos afirmar que, mentres exista o Camiño, os artesanais coma Ramón seguirán a vestir os pés dos que o percorren dende o nacente ata o solpor.

Camiño Inglés

Formas de metal, de coiro, ou cerámica. Artesáns que arroupan libros e persoas. E, como non, os nosos instrumentos máis entrañables. No Camiño Inglés florece a diversidade dende a cidade costeira ao interior rural.





Mi Recuncho del Repujado

Os bolsos, carteiras, mochilas ou chaveiros que Agustín fabrica reciben un engadido artístico que fai do complemento un obxecto único e exclusivo.

📍 Inferniño, n.º 5-7 baixo | 15405 Ferrol

📞 +34 698 124 852

✉️ acodina72@gmail.com

📱 @repujadospersonalizados

🌐 www.mirecunchodelrepujado.jimdofree.com

🕒 De luns a venres de 10.00 a 13.00 e de 17.00 a 20.00 h



Cando falamos de oficios tradicionais a nosa mente adoita evocar materiais e métodos de probada traxectoria histórica, o que é certo. Pero en ocasións tamén suscita ideas de exclusividade territorial, esquecendo que a cultura é un fenómeno dinámico e aberto ao intercambio e á incorporación de diferentes coñecementos. Exemplo destes saberes é unha das técnicas máis antigas no traballo decorativo da pel, a do repuxado, da cal en Galiza temos a sorte de contar cun dos seus mellores expoñentes.

Agustín Codina Gimeno comezou a experimentar co coiro na súa adolescencia, cun enfoque lúdico que case sempre é preludio dunha xeira profesional satisfactoria. Nado en Valencia, ese crecente fértil da industria zapateira á beira do Mediterráneo, a comezos da segunda década deste século decide instalarse a carón doutro océano, o Atlántico, para exercer a disciplina na que é experto. Esta modalidade consiste na obtención de imaxes e grafismos en relevo na superficie do coiro mediante o gravado manual. Outra das modalidades de personalización é a que se consegue aplicando a transferencia fotográfica á peza

en cuestión. Os bolsos, carteiras, mochilas ou chaveiros que Agustín fabrica reciben, deste xeito, un engadido artístico que fai do complemento un obxecto único e exclusivo. Tamén lle solicitan outros encargos máis inusuais, como fundas de fouce, brazaletes ou aneis. En moitos casos o acabado da peza faise cunha pátina de cera natural de abella. Tamén no interior as creacións de Agustín chaman a atención polos detalles, con tecidos de forro tan vistosos como por exemplo o tartán escocés.

Ademais do seu labor, o noso artesán fai oco no seu obradoiro para colaborar con programas formativos coma os da Xunta de Galicia. Como nos refire orgulloso, un dos seus aprendices obtivo a súa propia carta de artesán en marroquinería en seis meses. Velaquí unha actitude merecedora de gabanza, a da mestría transmitida para a pervivencia do oficio.

Como suxeríamos ao comezar, somos un país de acollida no que, amais de preservar os xeitos tradicionais da nosa cultura, podemos integrar con gratitude aquelas outras propostas que, coma a de Agustín, enriquecen o continxente creativo desta terra de facedores.



Rosa Higuero

A nosa artesá revélase coma unha experta coñecedora do seu aliado nos procesos de fundición e esmaltado: o lume. Grazas a el consegue dar forma a creacións tanto zoomórficas ou de inspiración vexetal como encadradas na arte xeométrica.

📍 Estrada de Barreiro Val, n.º 82 | 15621 Cabañas

📞 +34 654 272 369


✉️ rosa@rosahiguero.com

📘 @joyasrosahiguero

📷 @rosahiguero

🌐 www.rosahiguero.com

🕒 Mañá e tarde. Cita previa



A arte da xoiería en Galicia vai indiscutiblemente asociada ao traballo da metalurxia. Falamos dunha práctica ancestral, da que temos vestixios dende os comezos das sociedades neolíticas. Hoxe en día artigos elaborados na propia terra, seguindo procesos artesanais e respectuosos coa contorna pero á vez dotados dun deseño de vangarda, sitúannos coma unha referencia do sector a escala internacional. E é precisamente nas feiras tanto no noso país coma alén das nosas fronteiras nas que creadoras coma Rosa Higuero se moven coma un peixe na auga.

Cunha traxectoria que arrinca a mediados dos anos oitenta na cidade de Madrid —primeiro vendendo as súas pezas na praza de Santa Ana e posteriormente no Taller Reflejo co seu socio José Martín— coa chegada do novo século Rosa decide establecerse en solitario baixo a súa propia marca. Será logo de formarse en xoiería artística e deseño na prestixiosa escola Massana de Barcelona cando toma a decisión de voltar a Galicia e fundar o actual obradoiro en Cabanas, moi preto da vila de Pontedeume.

Versada en diferentes técnicas de ourivería, Rosa concédelle unha importancia primordial á

parte creativa do seu oficio. O seu caderno de bosqueños é o primeiro soporte da idea que xorde dunha inspiración concreta, a miúdo relacionada coa natureza ou obras de arte universais, e da que poden xurdir coleccións completas formadas por pendentes, colgantes, aneis e pulseiras a xogo. O nexo común na práctica totalidade das súas pezas é o material de base, prata de lei, que pode conformar aquelas integramente ou ben recibir a incorporación de técnicas coma o esmalte ao lume ou doutros elementos coma pedras, madeira, vidro fundido ou metacrilato.

A nosa artesá revélase coma unha experta coñecedora do seu aliado nos procesos de fundición e esmaltado: o lume. Grazas a el consegue dar forma a creacións tanto zoomórficas ou de inspiración vexetal como encadradas na arte xeométrica. A adición da cor consegue, pola súa banda, transmitir modernidade, vitalidade e desenfado, á vez que o contraste coa prata realza o conxunto e dalle personalidade. Non resulta difícil deducir que Rosa é unha xoieira con espírito de artista plástica, e que, ao seu xeito e cun pincel de chama, consegue que cada unha das súas pezas teña un estilo inconfundible. ●



Ana Rosetón

Con maneiras dunha detective especializada na arte e arquitectura medievais, Ana sente que debe ter un encontro íntimo co seu modelo e fotografalo dende distintos ángulos como base dos seus deseños.

📍 Rúa dos Prateiros, n.º 22 baixo | 15300 Betanzos


📞 +34 628 649 775

✉ anaroseton@yahoo.es

📱 @anaroseton

🌐 www.anaroseton.es

🕒 Mañá e tarde



A inspiración dos nosos artesáns e artesás toma camiños insospeitados. Moitas veces son a natureza ou o propio espírito xacobeo os factores que prenden a faísca da creatividade para que aqueles poidan «alumear» novas propostas cargadas de significado. Noutros casos, a fonte conceptual da que beben os seus deseños afunde as súas raíces na Historia e no seu rico legado. Este último é o caso que exemplifica unha das ourives máis sobranceiras das Mariñas coruñesas, Ana Martínez, que decidiu converter as fermosas vidreiras das basílicas en xoias de autora.

De formación autodidacta, Ana naceu e criouse na cidade herculina, pero o seu periplo vital levouna a instalarse e exercer a actividade da xoiería primeiro en Cambre, e posteriormente á mesma beira do Camiño Inglés ao seu paso pola vila de Betanzos, na emblemática rúa dos Prateiros.

O nome da súa firma artesá fai referencia tanto a si mesma coma a un dos motivos que máis creacións lle inspiran: os rosetóns que adornan a fachada de templos de estilo románico e gótico. Estes elementos arquitectónicos circulares posúen un innegable encanto estético, baseado nos ritmos e na complexidade do seu debuxo.

Con maneiras dunha detective especializada na arquitectura medieval, Ana non se limita a coller imaxes de libros ou de Internet nas que basear o deseño das súas pezas; sente que debe ter un encontro íntimo co seu modelo e fotografalo dende distintos ángulos ata nos máis mínimos detalles. Despois crea os seus bosqueños, que serán a referencia pola que se guiará, ferramenta en man, para lograr o seu obxectivo. Un proceso concienciado e laborioso no que non interveñen ferramentas coma o ordenador, o que fai que sexa preciso agardar meses para poder desfrutar das súas creacións.

A prata de lei, como absoluta protagonista ou en combinación con esmaltes ao lume, azibeches ou pedras preciosas, é o material estrela do obradoiro, malia que, como experta ourive que é, Ana non renuncia a facer traballos noutros metais nobres coma o cobre. Amais dos seus xa afamados rosetóns, confecciona encargos de pendentes, aneis, colgantes ou mesmo reproducións de achados arqueolóxicos coma fibelas ou torques. non podemos esquecer, para rematar, a súa vea máis artística, que a leva a construír pezas tan extraordinarias coma un cinto de castidade masculino ou un colar de castañas. Quen desexe saber máis xa ten un pretexto para visitala. ●



Arobe Cerámica

Malia a gran diversidade dos seus deseños, Arobe imprime en cada unha das súas creacións un selo inconfundible de apego á tradición milenaria, cun emprego exquisito dos esmaltes e engobes ao estilo dos mestres orientais.

📍 Rúa San Francisco, n.º 2 | 15001 A Coruña

📞 +34 699 908 771 | +34 881 923 498

✉️ arobeceramica@gmail.com

📘 Arobe Cerámica

📷 @arobeceramica

🌐 www.arobeceramica.com

🕒 De martes a venres de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00, sábados de 10.30 a 14.30



Cuncas con aparencia de peixe ou armadas de pugas coma un ourizo, teteiras-árbore, unha xerra que semella querer bicar a quen se achegue...a imaxinación de Alejandro Roig Bergantiños, alma mater de Arobe Cerámica, non semella ter límite. O que sí poderá deducir calquera persoa minimamente observadora é o amor deste inqueda artesán polas formas naturais, inspiradoras de moitas obras de célebres artistas, mais que tamén poden acadar protagonismo encol dunha mesa ou servindo de receptáculo a unha planta decorativa.

Afincado na Cidade Vella, a pouca distancia da igrexa de Santiago que marca o inicio do Camiño Inglés a Compostela, este creador formado na Escola de Artes Pablo Picasso da Coruña leva dende o ano 2012 unha traxectoria en continuo ascenso, se nos atemos ao número de pezas que compoñen o seu nutrido catálogo, e que, con cada nova idea que colle forma nas súas mans vai medrando ata compoñer unha colección capaz de competir con moitas firmas de maior número de empregados e capacidade tecnolóxica.

Malia a gran diversidade dos seus deseños, Arobe imprime en

cada unha das súas creacións un selo inconfundible de apego á tradición milenaria, cun emprego exquisito dos esmaltes e engobes ao estilo dos mestres orientais, apreciable na elaboración de cuncos e vaixelas. Noutras obras, coma algúns xarróns, as casas-lámpada ou os niños inspirados no paxaro tecedor, maniféstase a inspiración do continente africano. Mais Alejandro non se conforma con domear as máis variadas técnicas, adquiridas a través de distintos cursos, senón que amaís ten a ben transmitilas a quen así o desexe mediante os seus propios obradoiros de iniciación a este apaixonante mundo. O espazo no que imparte as ditas ensinanzas é o mesmo no que desenvolve o seu traballo, e no que ademais de recibir distintos encargos personalizados vende as súas imaxinativas pezas. É, en suma, un deses lugares que contribúen a revitalizar este recanto da cidade herculina, tan atractivo polo seu pouso histórico como esquecido en favor de zonas máis comerciais ou orientadas á fachada marítima. Dende aquí agardamos que a variante do Camiño que se inicia neste punto sirva para atraer a talentosos artesáns como Alejandro.



Oitenta

Tras nomes como Eira ou Montelouro atopamos accesorios e mobiliario que presumen dun carácter ultramoderno e minimalista, se ben, facendo honor ao nome da marca, tamén nos ofrece pezas cun marcado aire «vintage».

📍 Praza de Azcárraga, n.º 7 baixo | 15001 A Coruña

📞 +34 647 646 588

✉ hola@oitenta.com

📘 @OitentaEdiciones

📷 @oitenta

🌐 www.oitenta.com

🕒 Mañá



Os obxectos que nos arrodean na nosa vida cotiá posúen unha entidade que lles é propia en función da súa utilidade e valores, sexan de carácter estético, histórico ou sentimental. Algúns deles, ademais, poden presumir de identidade, esa característica que os converte en protagonistas do espazo habitado á vez que cumpren a función para a que foron creados.

Oitenta é o estudio independente de deseño que Rafael Fernández abriu na cidade vella de A Coruña no ano 2018. Como bo representante da cultura *maker*, este apaixonado do debuxo e a madeira entende a sinerxia entre distintos creadores e o traballo en equipo como un camiño de éxito. Amais das pezas elaboradas por el, con Rafa colaboran estreitamente artesáns como Jorge Carril ou Arobe cerámica, que achegan as súas respectivas habelencias para dar vida a produtos con alma galega e espírito internacional. Así, tras nomes como Eira ou Montelouro atopamos accesorios e mobiliario que presumen dun carácter ultramoderno e minimalista, se ben, facendo honor ao nome da marca, tamén nos ofrece pezas cun marcado aire *vintage*. A madeira, tanto na súa cor natural como tintada ou decorada

en tons que harmonizan co concepto que procuran transmitir, é o material estrela desta firma, malia que tamén emprega outros como cemento, cartón, silicona ou cerámica. Os contornos das pezas, por outra banda, poden ser tanto curvos como rectilíneos ou poligonais, abrangendo unha infinda gama de combinacións pero sempre facendo bo o lema do minimalismo, que renega do superfluo para acadar a beleza.

Conscientes de que o espazo dispoñible nos nosos fogares non sempre permite a colocación de mobles ao nivel do chan, Oitenta proponnos aproveitar o plano vertical coas súas lámpadas, andeis ou mesiñas de pendurar, que ademais de lucir un deseño livián e elegante poñen un toque netamente artístico nas paredes da nosa casa.

Outra posibilidade que ofrece este estudio é a de encargardos obxectos personalizados á medida das necesidades do cliente, outra das vantaxes de acudir a un establecemento artesán para facer as nosas compras ou agasallos. Como defende na súa páxina web, trátase de ter menos obxectos, pero máis especiais. Nós corroborámolo.



D-Raíz

Esta tenda obradoiro aposta pola exclusividade a partir da reutilización de materiais, cos que as súas impulsoras elaboran artesanalmente complementos de moda da maior calidade.

📍 Rúa Pío XII, n.º 1 | 15001 A Coruña

📞 +34 600 068 866

✉ info@d-raiz.com

📘 @draiz.design

📷 @d.raiz

🌐 www.d-raiz.com

🕒 De martes a venres de 11.30 a 14.00 e de 17.30 a 20.30 e sábado de 11.30 a 14.00



Sen ter que desviarnos moito do recén escomezado itinerario, o camiño inglés a Santiago agasállanos con fermosas iniciativas no eido da moda, tan importante na área da Coruña. Moi preto do interesante mercado de San Agustín, que paga a pena descubrir, agárdanos un deses novos establecementos que traen tamén uns novidosos hábitos de consumo, máis concienciados e preocupados pola calidade. Referímonos a D-RAIZ, un espazo de creación e venda acolledor e diáfano cunha fonda conexión co noso país irmán, Portugal.

Pilar e Felicidad son o motor humano dunha tenda obradoiro que aposta pola exclusividade a partir da reutilización de materiais, cos que elaboran artesanalmente complementos de moda da maior calidade. Baixo a etiqueta *slow fashion*, que define un traballo de confección sustentable e respectuoso coa contorna e a saúde das persoas (tanto das que adquiren os produtos coma daquelas encargadas de elaboralos), estas dúas emprendedoras crean e comercializan artigos coma bolsos, mochilas ou carteiras feitas en tecidos e materiais recuperados ou de orixe vexetal, como é o caso

de Piñatex, unha fibra natural de nova tecnoloxía. Como exemplo de *upcycling* atopamos a loneta ou o coiro que as nosas protagonistas atopan en fábricas de calzado que tiveron o seu apoxeo a mediados do século XX, e que, logo dun importante traballo de recuperación, se converten en vistosos accesorios de edición limitada.

Mais non podemos esquecer a presenza nas súas coleccións, con nomes coma Atlántica, Materia ou Passion Wool, de tecidos tradicionais coma o algodón e a la. Estes proveñen de distintas denominacións de orixe portuguesas, caso do feltro obtido a partir da la da ovella bordaleira, denominado *burel* ou da *chita de Alcobaça*, un algodón estampado de vivas tonalidades e primeiras referencias na India medieval.

Por último podemos sinalar o espírito colaborativo de Felicidad e Pilar, facendo oco no seu espazo a creacións doutros artesáns (xoiería, cerámica,...), e contando con pequenos obradoiros locais de confección para algúns dos seus traballos. Todo un exemplo a seguir e a fomentar, e que mellor xeito de facelo adquirindo produtos *heartmade* coma estes, é dicir, feitos co corazón.



Chueco

En tódolos artigos do obradoiro se apreza o mesmo bo facer e agarimo na confección, logrando uns abraiante acabados que lles outorgan ás pezas a aparencia de ter vivido xa unha historia previa.

📍 Rúa Orzán, n.º 125 baixo | 15003 A Coruña

📞 +34 680 659 135 | +34 981 223 437

✉️ chueco@chueco.es

📘 Chueco Artesanía en Cuero

📷 @chuecoartesanía

🌐 www.chueco.es

🕒 De luns a venres de 11.00 a 20.00 h



As nosas urbes agochan recantos secretos onde os oficios artesanís sobreviven alleos ás pugnas pola competencia que atinxen a outros establecementos. A calidade que ofrecen nos seus produtos leva aparelado ademais un estilo propio, esa marca da casa que prestixia o obradoiro e consegue que o fluxo de clientes se manteña no tempo. Chueco é un magnífico exemplo disto. Emblema do traballo do coiro na cidade herculina, na que leva afincada dende o ano 1990, as súas orixes comezaron ao outro lado do Atlántico cos primeiros pasos do seu fundador, natural do Uruguai, no eido da marroquinería.

Situada nun acolledor baixo con fachada de cantaría da rúa Orzán, a tenda-taller ofrece unha ampla gama de artigos realizados en pel natural, entre os que atopamos carteiras, cintos, sandalias, chaveiros, axendas, lapiseiros, pulseiras, fundas ou bolsos, entre outros. Apréciase en todos eles o mesmo bo facer e agarimo na confección que caracteriza o labor do noso artesán, logrando uns abraiantes acabados que lles outorgan ás pezas —moitas delas con nome propio— a aparencia de ter vivido xa unha historia previa á que lle agarda a carón do seu

propietario. Esta pátina é un dos méritos que consegue o emprego de técnicas propias da profesión, coma o avellentado e o tintado a man. Nalgúns casos, engádesse un compoñente decorativo mediante procedementos de repuxado, incrustacións, troquelado ou estampación. Un exemplo desta modalidade serían por exemplo as axendas, cos seus fermosos motivos que as asemellan a libros de feitizos pertencentes a unha escola de maxia.

Malia que o obradoiro funciona de maneira ininterrompida, un par de citas anuais coas feiras de artesanía fan que nesas datas concretas o peche sexa inevitable. Durante o resto do tempo, as súas portas permanecen abertas para atender non só á clientela que procura un complemento de luxo asequible para si ou un agasallo especial para outra persoa, senón que ademais acollen a realización de traballos personalizados e tamén de restauración de artigos en coiro que precisen dun *lifting* para revivilos. Son servizos que se explican grazas á veteranía dunha empresa familiar que arraigou na cidade e nos corazóns dos seus poboadores, e por iso sabe como satisfacer necesidades destes sen renunciar a un estilo inconfundible. ●



Códice Encuadernación

Baixo a dirección de Juan Manuel, un selecto equipo de artesáns acreditados traballa aplicando o seu saber á arte da prensa e o cortaplumas, aplicando diversas técnicas de encadernación.

📍 Avenida Monserrat, n.º 16 baixo | 15009 A Coruña


📞 +34 981 130 414

✉️ juan@codize.com

📘 @codiceencuadernacion

🌐 www.codize.com

🕒 Tarde. Cita previa



En ocasións, os oficios tradicionais precisan achar acubillo en grandes urbes nas que os espazos máis céntricos son xeralmente ocupados por negocios de gran orientación comercial. Deste xeito, algunhas actividades que basean na encarga o seu modelo económico vense empurradas á periferia ou a barrios de carácter preferentemente residencial, como é o caso de Códice. Esta empresa-obradoiro de encadernación leva dende o ano 1981 dedicada a «vestir» con traxe de festa as publicacións que cruzan a súa porta nun baixo a carón do Camiño Inglés ao seu paso pola Coruña.

Este templo do libro é unha parada obrigada para calquera bibliófilo que se prece, amais dunha grata sorpresa nunha cidade de carácter industrial e comercial coma a herculina. Baixo a dirección de Juan Manuel, un selecto equipo de artesáns acreditados traballa aplicando o seu saber á arte da prensa e o cortaplumas, aplicando diversas técnicas de encadernación coma xaponesas, en pel, tapa dura etc. Outra das súas especialidades é a restauración de exemplares antigos e a elaboración de facsímiles, en ocasións con papel feito a man. Ao fío disto, podemos mencionar os traballos feitos para series e películas

coma *O Códice* ou *O final do Camiño*, que inclúen réplicas fieis do Corán ou do Códice Calixtino. Noutras ocasións ten sido a Casa Real española nas súas visitas á Coruña a receptora do seu bo facer. Pero á parte destas selectas encomendas para a pantalla hai unha ampla clientela entre a que se atopan dende estudantes a coleccionistas pasando por administracións, xornais, institucións académicas ou hospitalais.

Unha das curiosidades que Juan Manuel comparte con nós é a dunha máquina de gravar do século XIX que

segue a funcionar perfectamente, malia que tamén presume de ter sido pioneiro na aplicación de avances tecnolóxicos á encadernación que logo outras empresas do sector teñen imitado.

Velaquí o mérito e versatilidade dun oficio artesán pero que tamén se adapta aos tempos actuais; tanto se se trata dun traballo en rústica como se o desafío consiste en arremedar o tráfego dos séculos encol da epiderme dun libro tan senlleiro coma o libro das peregrinacións que lle dá nome, Códice asume a tarefa coa maior profesionalidade. ●



© Armada Rodríguez



© O. M. Lasagabáster



© O. M. Lasagabáster



Belategui Regueiro

As prendas que produce este obradoiro de tecido artesanal contemporáneo distínguense pola súa excepcional calidade, mais tamén polo seu deseño e acabados.

- 📍 Lugar de Outeiro - Cela | 15660 Cambre
- ☎ +34 661 858 200
- ✉ info@belateguiregueiro.com
- 📘 Belategui Regueiro
- 📷 belategui_regueiro
- 📌 Belategui Regueiro
- 🌐 www.belateguiregueiro.com
- 🕒 Previa cita



Hai fitos en cada un dos camiños a Compostela nos que paga a pena facer unha parada. No caso dalgúns deles, mesmo é preciso desviarse da frecha amarela para coñecelos. Unha destas xoias é a igrexa de Santa María de Cambre, situada a uns catro quilómetros da ruta xacobeá. E xa que temos decidido dar un rodeo para visitar esta xoia do románico, Por que non —con cita previa mediante— achegarnos ao obradoiro próximo de artesanía téxtil de Óscar Montero e Luisa Estévez?

Fundada no ano 2004, esta firma dedícase á creación de complementos de moda e decoración, realizados con tecidos elaborados á man nos seus

propios teares artesanais, e empregando como materia prima fibras de orixe cen por cen natural: seda, alpaca, liño, bambú ou la, ademais doutros materiais téxtiles tanto de última tecnoloxía como reutilizados: fibra óptica, neopreno, caucho... por citar algúns.

As prendas que produce este obradoiro de tecido artesanal contemporáneo distínguense pola súa excepcional calidade, mais tamén polo seu deseño e acabados. De feito, ben poden chegar a ser consideradas pezas únicas, por mor dun proceso de traballo que imposibilita a reprodución exacta e seriada das prendas. Este carácter singular confírelles a mantas, bolsos

ou bufandas un atractivo especial para aquelas persoas que procuran tanto o valor que representa a distinción dunha marca como a calidade e exclusividade dos seus produtos.

Malia que as portas do taller están abertas á recepción de visitas tanto de particulares, centros educativos e outros grupos, Belategui Regueiro realiza saídas habituais para dar a coñecer o seu traballo e comercializar os seus artigos en eventos como feiras de artesanía e salóns profesionais. Ademais, colabora con grandes marcas de moda e impartindo

clases en distintos ámbitos como agrupacións de mulleres do medio rural, centros de ensino, empresas, asociacións, grupos de atención á diversidade, turismo recreativo etc.

Vemos, pois, que procesos cunha gran tradición ás costas coma a do tecido artesán en tear de madeira chegan ata o século XXI con folgos renovados grazas ao pulo de novas marcas; empresas que xorden do espírito inconformista de creadores a miúdo afincados no rural desta terra sempre sorprendente e cada vez máis na vangarda internacional do feito a man. ●



Joyas Siliva

Sesé realiza a lapis os seus deseños, para logo decidir que materiais integrarán a xoia rematada. A natureza, representada por liñas sinuosas e motivos vexetais inspira moitos dos seus traballos.

📍 Lugar Barrio, n.º 10 - Leiro | 15318 Abegondo

📞 +34 600 359 501

✉ hola@joyassiliva.es

📘 @joyassiliva

📷 @joyassiliva

📌 JOYAS SILIVA

🌐 www.joyassiliva.es

🕒 Mañá. Cita previa



A tradición ouriveira en Galicia ten o seu comezo a finais da Idade do Bronce, cando, no seo da denominada cultura castrexa, enfeites como torques, diademas ou arracadas pasan a formar parte do vestiario habitual dos nosos antergos. A día de hoxe, a arte milenaria da fabricación de xoias continúa grazas a persoas con espírito innovador. Nas súas mans, o espido metal vístese con pedras e esmaltes para gañar o gusto das novas xeracións, sempre co degoiro de propostas diferentes.

Siliva quiere decir «prata» en samoano. Detrás deste escintilante vocábulo atopamos a Sesé, ribeira de nacemento pero instalada na Coruña dende a maioría de idade. O seu periplo ata a especialización en xoiaría de autora comeza cos estudos de deseño gráfico e cerámica na Escola de Artes Aplicadas Pablo Picasso. Co título de ceramista na man, a experiencia da maternidade fíxoa considerar establecerse como artesá e traballar para outras marcas antes de comezar as súas propias coleccións baixo o nome de Siliva. No camiño aprendeu a técnica do esmalte ao lume, coa que consegue fermosos contrastes en conxunción

con metais preciosos coma a prata.

Sesé realiza a lapis os seus deseños, para logo decidir que materiais integrarán a xoia rematada. A natureza, representada por liñas sinuosas e motivos vexetais inspira moitos dos seus traballos, nos que tamén cobra protagonismo a circunferencia. É un estilo que nos evoca formas orgánicas, deudoras quizais da mesma cultura castrexa da que falabamos ao comezo, mais tamén a influencia do *art decó* de comezos do século XX. A partir desta idea inicial engádense os detalles de acabado que dan a cada peza o seu carácter distintivo: xemas coma o ónix ou as ágatas e esmaltes de intenso cromatismo. O resultado son pequenas obras de arte que arremedan flores, mandalas orientais ou rosetóns con vidreiras multicolores. Noutros casos vemos follas, composicións xeométricas ou caracteres tipográficos, como acontece co orixinal marcapáxinas que de certo ha seducir a calquera lector que se prece.

Procurando ese detalle especial que fale de nós ou das persoas que estimamos, Joyas Siliva tamén se presta á realización de encargos a medida. Artesanía de luxo a carón do Camiño Inglés.



Manels Percusión

A produción deste obradoiro abrangue todo o espectro da percusión tradicional, sen esquecer a restauración e reparación destes instrumentos que constitúen dende tempos inmemoriais a alma das nosas festas.

📍 A Chan, n.º 11 - Montaos | 15680 Ordes

📞 +34 685 847 953


✉ info@manelspercusion.com

📘 @manelspercusion

📷 @manelspercusion

🌐 www.manelspercusion.com

🕒 De luns a venres de 7.00 a 19.00 h



Unha bandeira representando os países celtas dá a benvinda ao obradoiro de Moisés. Manuel Vázquez Peña, unha factoría especializada en instrumentos de percusión, tanto feitos en madeira e pel como de latón. Este xove emprendedor, en posesión do título de Técnico Superior en Produción de Madeira e Moble, estableceuse como artesán no ano 2013 na súa parroquia de nacemento, nun punto equidistante entre o Camiño Inglés e a estación de tren de Fosado, así como entre as cidades da Coruña e Santiago de Compostela.

O traballo que leva á obtención dun instrumento musical tradicional comeza a pé de árbore. Quizais por iso o logotipo desta firma representa unha sorte de clave rematada nunha folla. Boa parte da materia prima, por non dicir a máis demandada, procede do toro de nogueira autóctona, namentres que para os golpeadores bota man doutras máis exóticas coma o granadillo, o quebracho ou o sapeli. Outras madeiras do país que teñen protagonismo nas creacións do obradoiro son o freixo e a nogueira. En calquera caso, sexa cal sexa a escollida para darlle vida ao futuro instrumento, o proceso que leva aparelada implica todo o saber e agarimo que atesoura un amante

da tradición como Moisés. O uso de fibras como o cánabo ou técnicas coma o curvado por vapor son boa proba disto.


Non hai un instrumento igual a outro. Ben o sabe o noso artesán, que adoita recibir demandas personalizadas en calquera dos aspectos que definen o produto: materiais, forma, decoración etc. Como exemplo desta diversidade temos os gravados co nome do cliente ou diferentes grafismos a gusto daquel, madeiras barnizadas ou tinguidas en cores inusuais, ferreñas feitas á máquina ou á man —en ocasións con formas insólitas coma as hexagonais— ou baquetas con diversa composición e acabados. Estes encargos teñen como destino, frecuentemente, outras comunidades e mesmo países, boa proba da sona que acadou Manels alén da nosa terra.

Tamboriles, pandeiretas, bombos, pandeiras, pandeiros, tarrañolas, culleres, baquetas, mazas, correas, fundas,... a produción deste obradoiro abrangue todo o espectro da percusión tradicional sen esquecer a restauración e reparación destes instrumentos que constitúen dende tempos inmemoriais a alma das festas e, ao mesmo tempo, un dos emblemas da nosa cultura musical. ●



Vía da Prata

As mans e o corazón que as impulsa debuxan e tecen, danlle forma á prata ou á madeira destinada a resoar. A ruta do sueste ten un obradoiro por descubrir en cada recanto. Cómpre achegarse para enriquecernos coa súa maxia.





© Mark Ritchie



Morenita Percusión

Cun ambiente moi enxebre e acolledor, ao cruzar a porta de Morenita dámos a impresión de estar ante o fogar da percusión, cos seus quedos habitantes asexando en cada recuncho.

- 📍 Cerdeiriña, n.º 22 | 32620 Laza
- 📞 +34 625 572 154
- ✉️ morenitapercusion@gmail.com
- 📘 @morenita.percusiontradicional
- 📷 @morenitapercusión
- 🕒 Cita previa



O nome deste obradoiro ben podería facer a referencia a un dos personaxes ancestrais do entroido de Laza, a Morena. Porén, responde a un alcume da rama materna do seu impulsor. O que de seguro comparten ámbolos dous é o nexo coa madeira, da que están feitas tanto a cabeza da vaca que protagoniza as coñecidas festas como as creacións que saen deste templo do ritmo nas terras do val do Tâmega.

Estamos, de feito, ante un caso singular: Héctor, o seu impulsor, realizou estudos de ebanistería artística en Ourense para a continuación completar o ciclo de Artes Aplicadas da Escultura en Compostela. Das moitas posibilidades ao seu alcance logo dunha formación tan orientada ao

traballo artesán, o noso protagonista decidiu especializarse na fabricación de instrumentos musicais dende o ano 2013. Certamente, a madeira ten un papel esencial na confección dos mesmos, e no caso de pandeiretas e tambores pode dicirse que constitúe a súa arquitectura sonora.

Cun ambiente moi enxebre e acolledor, ao cruzar a porta de Morenita dános a impresión de estar ante un fogar da percusión, cos seus quedos habitantes asexando en cada recuncho e agardando polas mans dispostas a poñelos en acción nun arrinque de foliada. Iso si, malia que este refuxio é moi comfortable, os seus inquilinos viaxan con frecuencia a outros lugares de Galicia e Asturias para participaren en diversas mostras de artesanía e de instrumentos tradicionais.

Posiblemente os tambores de Entroido sexan dos traballos máis espectaculares que saen deste obradoiro. Feitos dunha soa peza a partir dun gran toro de castiñeiro, a beleza que proporciona a veta natural da madeira convérteos en auténticas obras de arte ambulante durante o seu periplo acompañando os fachóns e os peliqueiros.

Outra das facetas de Héctor é a recuperación e posta en valor de instrumentos en desuso, a miúdo en grande estado de deterioración pero cun gran valor etnográfico que paga a pena rescatar do esquecemento. Velaquí unha sincera mostra de afecto cara á propia cultura e cara ao labor dos artesáns que nos precederon nuns tempos se cadra máis difíciles, pero non por iso menos festeiros.





Queiper Laza

A Loli préstalle recorrer novas aplicacións para o traballo da costura, creando cousas tan interesantes como fundas para libros, flores tecidas a man ou unha tapa para o forno da cociña con petos.

📍 Carreira da Igrexa, n.º 8 | 32620 Laza

📞 +34 676 960 874

✉ queiperlaza@gmail.com

📱 @CostureiraSenDedal

🕒 De 10.00 a 13.00 e de 16.30 a 19.30



A artesanía é un sector un tanto paradoxal: innova en técnicas e deseños, adaptándose aos novos tempos, mais tamén garante a pervivencia da tradición. En lugares onde esta última sustenta un papel emblemático, que mesmo acada sona alén das nosas fronteiras, como Laza, o papel que xogan as persoas dedicadas aos «vellos oficios» resulta aínda máis crucial.

Loli Pérez sentiu fascinación pola costura dende cativa. A súa bisavoa fora unha verdadeira profesional do fío e da agulla, e ela tivo moi claro dende o comezo ao que se quería dedicar. Cando xa levaba tempo

exercendo este labor, foi adquirir cun afamado xastre de Castro os coñecementos precisos para poder confeccionar o traxe tradicional do Entroido de Laza, o mesmo que visten os peliqueiros polas rúas da vila durante as coñecidas festas. Loli cóntanos que varios dos seus traxes tiveron como destino Nova York e Suíza, respectivamente, mentres que outro se exhibe como parte da colección etnográfica do Museo do Pobo Galego, en Santiago.

Dado o carácter específico do seu produto estrela, a nosa artesá precisa diversificar a súa oferta para poder vivir do traballo co téxtil. Ela mesma aprendeu a facer uso das



novas tecnoloxías para axudarlle no bordado, concretamente coa fase de picaxe. Polo demais a súa actividade segue os procesos tradicionais de costura, nos que xa hai moitas décadas que a máquina ten unha gran relevancia. Deste xeito, do obradoiro de Queiper van saíndo bolsos, mandis, mochilas, coxíns, roupa e complementos para bebés e moitas outras pezas tanto por encargo como para a venda directa. Como non podía ser doutro xeito, tamén dispón dun nutrido catálogo cun dos accesorios máis demandados na actualidade: as máscaras hixiénicas personalizadas, nunha ampla gama de deseños e estampados.

A Loli préstalle discorrer novas aplicacións para o traballo da costura, creando cousas tan interesantes como fundas para libros, flores tecidas a man ou unha tapa para o forno da cociña con petos. Nós agradecemos que artesás coma ela manteñan vivos os oficios tradicionais, malia que, como nos refire, resulte cada vez máis difícil que os xoves se interesen por eles. Quizais os tempos sexan chegados de valorar como se merece o traballo dos nosos obradoiros. ●



© Artesanía de Galicia



Rosa Artesanía

Manexando técnicas coma a rocalla ou o micromacramé con briolets, o obradoiro de Rosa crea colares, gargantillas, pulseiras e outros complementos que atraen a ollada cara eles indefectiblemente.

📍 Pista da Moreira, n.º 17 | 32630 Xinzo de Limia

📞 +34 619 147 323

✉️ rogondi.gonzalezdiaz@gmail.com

📷 rosa_artesania

🕒 Tarde. Cita previa



Xoias tecidas. Así poderíamos definir o traballo da artesá Rosa González Díaz, afincada en Xinzo de Limia. Grazas á súa habelencia manual, esta asidua das feiras conseguiu achar un oco propio no eido da elaboración de enfeites na nosa terra. Rosa conta que comezou a anoar os seus mandalas-xoia durante unha baixa laboral, e que a a resposta das persoas que descubrían as súas pezas animouna a pensar na dedicación exclusiva ao oficio. Moito antes, na súa nenez, xa

lle axudaba en tarefas de costura á súa madriña, Lola, a Xaniña, formada en Madrid e considerada no seu tempo a mellor modista de Xinzo.

O estilo da nosa protagonista caracterízase pola abordaxe directa da idea, sen recorrer a bosquejos previos. Cada creación vai construíndose de vagar, coma nun xogo de descuberta que converte cada xoia nunha peza única. Partindo do concepto dos mandalas, o patrón vaise expandindo e adquirindo formas

insospeitadas. Con frecuencia os seus deseños radiais e xeométricos recollen o influxo da arte étnica e de culturas ancestrais, namentres que outras veces serven de soporte a representacións de carácter figurativo (animais simbólicos coma o moucho, por exemplo).

Manexando técnicas coma a rocalla ou o micromacramé con briolets, o obradoiro de Rosa crea colares, gargantillas, pulseiras e outros complementos que atraen a ollada cara eles indefectiblemente. E é que, se se trata de destacar, que mellor que facelo por partida dobre: conjugando un atractivo deseño coa vistosidade que achega a combinación de pedras preciosas, doas de cerámica e cristais Swarovski.

Coma outras artesás afectadas polas consecuencias da pandemia, que paralizou feiras e eventos en todo o mundo, Rosa adaptouse á situación actual e decidiu incorporar ao seu catálogo unha liña de máscaras con elegantes estampados xeométricos e o toque de distinción —e pragmatismo— dunha cadeiña para pendurar o obrigado accesorio que incorpora bolas de cristal checo. Outros artigos cos que a firma limiá vai gañando en diversificación son os bolsos, feitos co mesmo agarimo e dedicación que as demais creacións que saen do obradoiro. Tampouco esquecemos a dispoñibilidade de Rosa para facer realidade aqueles encargos que lle queiran facer chegar as persoas interesadas, sabendo que a nosa «tecedora de xoias» saberá darlles vida propia co seu singular xeito de entender a artesanía.





© Eduardo Armada



Yanet Ruíz

Yanet atopa no pequeno formato que representa a xoia un medio de expresión que recolle a dimensión espacial de escultura e arquitectura, pero convertendo aquela en habitante da persoa que a leva.

📍 Avenida de Madrid, n.º 85 | 32630 Xinzo de Limia

📞 +34 622 363 829

✉️ yanet.ruiz.eu@gmail.com

📘 Yanet Ruíz

📷 @yanetruizdesign

🕒 Cita previa



Non é moi frecuente chegar á xoiería dende outros ámbitos coma a arquitectura ou a escultura, mais hai un elemento común nestes eidos que os vencella inevitablemente: o deseño. Na confluencia destas disciplinas achamos a Yanet Ruíz, nada en Caracas e limiá de adopción, malia que viviu boa parte da súa vida na cidade de A Coruña.

O seu periplo formativo levouna a percorrer distintas etapas: na Coruña realiza estudos de arquitectura na ETSAC e de escultura na ESAD Pablo Picasso; en Ourense cursa a especialidade de

Deseño de Produtos de Fabricación Mecánica e, posteriormente, aprende a técnica da soldadura. Detrás desta abordaxe sistémica dos procesos creativos atópase unha mente que derruba as fronteiras entre as artes co obxecto de trazar historias mediante elas, algo que comprendeu de nena contemplando a espectacular instalación de Calder na Aula Magna da UCV en Caracas denominada *Nubes*.

Yanet atopa no pequeno formato que representa a xoia un medio de expresión que recolle a dimensión espacial de escultura



e arquitectura, pero convertendo aquela en habitante da persoa que a leva. Nos fundamentos esencialistas de escolas coma a célebre Bauhaus basea a procura de pezas sinxelas á vez que atemporais, respectuosas coa tradición pero tamén anovadoras no seu concepto. Os mesmos principios aplicaos á creación de esculturas e trofeos conmemorativos. Tocante á súa técnica, Yanet válese tanto de procedementos artesanais coma a talla en cera para fundición coma doutras máis modernas e igualmente laboriosas: soldadura, deseño 3D etc.

A nosa protagonista emprega metais preciosos coma o ouro e a prata, en ocasións acompañados de xemas. Porén, defende que tódolos materiais son nobres se se lles permite expresarse. Reflexións coma esta son habituais nos obradoiros que imparte en diferentes puntos da xeografía galega, nos que o alumnado ten oportunidade de deseñar as súas propias pezas.

Esta namorada da arte, como ela se define, proclama tamén a beleza e transcendencia do pequeno no eido literario, participando como autora en antoloxías de poemas e contos, así como deseñando as portadas delas. Estamos, pois, ante unha artista polifacética que entende a ciencia e a cultura como parte das nosas propias vivencias, susceptibles de converterse á súa vez en obxectos simbólicos e que enriquecen o noso espírito. ●



© M. J.



Antolín Álvarez González

Con preto de vinte anos de experiencia dedicándose á elaboración de mosaicos, Antolín é quen de aplicalos a diversos usos: marcos para espellos, mesas, taboleiros de parchís ou fondos decorativos en pías de granito.

- 📍 Lugar de Pazo, n.º 26 | 32110 Paderne de Allariz
- 📞 +34 610 780 028
- ✉ antolinalvarezgonzalez@gmail.com
- 🕒 Tarde. Cita previa




© M. J.

Hai oficios artesáns cuxa orixe se perde na noite dos tempos, e que nos traen reminiscencias de civilizacións pretéritas, como é o caso do mosaico. Mesopotamia, Grecia, Roma ou Bizancio viron florecer esta arte decorativa (non en van o seu nome deriva de musa), que tivo un rexurdimento posterior coa corrente modernista.

En Galicia temos a sorte de contar cunha das contadas persoas que se dedican a esta labor. Falamos de Antolín Álvarez González, artesán nado en 1962 en A Villeta, Montederramo. A súa nenez e primeira xuventude transcorreron

nesa contorna de aldea, lugar onde traballou ata os vintecinco anos para logo dedicarse a exercer distintas tarefas relacionadas co mundo rural no sector da construción. Como unha ramificación desa vertente profesional nada dunha inquietude propia, Antolín decidiu mergullarse na confección de mosaicos de pedra, un mundo que o atraía dende os quince anos. Mediante procedementos adquiridos de xeito autodidacta, o noso protagonista compón as súas creacións de maneira totalmente artesanal. Tamén o banco de traballo no que fabrica as teselas foi feito por el logo de documentarse en libros sobre a disciplina.



© M. J.



© M. J.



© M. J.

Aproveitando algúns dos materiais que se empregan na construción, principalmente lousas de diferentes variedades de mármore ou granito (minerais idóneos por mor da súa boa fractura e variadas tonalidades), Antolín vai creando as teselas batendo os pequenos fragmentos cun martelo bicudo, a *martelina*, contra unha zafrá, o *taglio*, ata que acadan o tamaño axeitado. Tocante ao deseño, este pode basearse nun debuxo ou imaxe previa, ou ben ir medrando a medida que se constrúe o mosaico. Algunha das obras que máis satisfacción lle reportan teñen seguido este último camiño.

Con preto de vinte anos de experiencia dedicándose á elaboración destas composicións, Antolín é quen de aplicalas a diversos usos: marcos para espellos, mesas, tableiros de parchis, fondos decorativos en pías de granito tamén feitas por el etc. Unha selección dos seus traballos estivo exposto no mosteiro de San Pedro de Rocas, en Esgos. Ademais, o noso protagonista, en posesión da carta de artesán dende o ano 2003, é asiduo do circuito de feiras. Na actualidade compaxina o seu labour na construción coa que desenvolve no seu obradoiro no Pazo, moi preto da Vía da Prata.



© Noé Guimarães



Rir & Co

Baseado no emprego de la natural con distintas texturas e un traballo coa cor igualmente suxestivo, o primeiro deseño da colección Morno, Camino del agua, supón unha fonte de experiencias sensoriais.

📍 Rúa das Hortas, n.º 7 | 32660 Allariz

📞 +34 647 719 216 | +34 988 442 521


✉ ines@rirandco.com

📘 @rirartesaniasyco

📷 @ines_rirandco

🌐 www.rirandco.com

🕒 Cita previa



O tear de Inés Rodríguez é unha auténtica máquina do tempo. Esta artesá asentada en Allariz que principiou a súa formación nas illas Canarias e completou de volta á súa terra, sabe que o fío que une tradición e modernidade é a mellor escolla nuns tempos nos que a industria téxtil procura con desesperación novos modos de produción, sostibles e que lle enganadan calidade ás prendas.

Inés afirma que no seu traballo hai unha boa parte de inspiración no substrato cultural e etnográfico de Galicia, a través das cores e motivos que singularizan cada tecido. Este carácter senlleiro é o que levou a distintos deseñadores de moda a recorrer a Rir & Co para fornecerse das creacións do seu taller. Ademais, colabora con escolas de moda galegas e comercializa deseños para que as



empresas os empreguen en distintas modalidades de produto.

O seu concepto de tecido Morno é unha das novidades que, baixo distintas aplicacións, nos ofrece o obradoiro de deseño alaricano. Baseado no emprego de la natural con distintas texturas e un traballo coa cor igualmente suxestiva, o primeiro deseño desta colección, *Camino del agua*, supón unha fonte de experiencias sensoriais que procuran tanto o confort coma evocar sensacións pracentearas de afecto e contacto coa natureza.

Pero non só as fibras de orixe animal ou vexetal pasan polo tear de Inés. Procurando sinerxias con outras empresas e profesionais da enxeñería, vén de rexistrar un novo deseño industrial baseado na fibra óptica. Outros proxectos agardan materializarse en tecidos innovadores mentres van afianzándose no mercado propostas xa consolidadas, coma unha manta realizada con fibra de leite e selo de máxima calidade.

Como emprendedora que é, Inés non dubida en acudir a distintos encontros e experiencias, coma feiras de artesanía, obradoiros con nenos e nenas ou colaboracións artísticas coma a que a levou a converter envases de plástico recollidos nas praias na materia prima que lle deu vida a un golfinho sucando as ondas. Esta escultura é unha boa lembranza da necesidade de transformar os nosos hábitos de consumo para preservarmos a nosa contorna, unha idea coherente coa filosofía de traballo desta creadora que aposta pola tradición e o futuro a partes iguais.



© Rosa Veiga



Logaro

Os deseños desta artista do novelo procuran destacar en orixinalidade e frescura nun eido sempre ávido de novos enfoques como é o da moda.

📍 Rúa do Paseo, n.º 10. Galerías centrais loc. 12 | 32003 Ourense

📞 +34 669 020 687 | +34 988 611 810

✉ info@hilokune.com

📷 @lolalogaro | @hilokunedelogaro

🌐 www.logaro.com | www.hilokune.com

🕒 De luns a venres de 12.00 a 13.30 e de 18.30 a 20.00. Cita previa



© María Clé

Hai oficios artesanais nos que se valora esencialmente a pervivencia dun deseño recoñecible e inmutable, a marca do enxebre. Non é o caso de Lola García Romaneli, a alma detrás da firma e do acrónimo LOGARO, que comparte espazo de traballo cunha academia de ensino de técnicas de tecido e cunha tenda especializada en las de calidade.

Lola naceu en Cantabria, e a súa paixón polo téxtil vénlle de familia. Sendo moi cativa

iniciouse no traballo coa agulla, mentres observaba a súa nai exercer a súa profesión, se ben os seus primeiros pasos deunos en segredo, practicando ás agachadas nalgún recanto da casa. Desta pulsión autodidacta xurdiu un afán vocacional que medrou impulsado polos seus estudos en Madrid, Barcelona e os Estados Unidos. Rematada a súa formación, emprende a súa xeira profesional montando un taller téxtil e colaborando con deseñadores

de moda, pero sabedora do valor intrínseco da prezada materia prima que emprega, decide converterse en artesá baixo a súa marca.

Os deseños desta artista do novelo procuran destacar en orixinalidade e frescura nun eido sempre ávido de novos enfoques como é o da moda. Proba disto son pezas coma o chal *Auria*, co que Lola rende homenaxe á súa cidade de adopción. Cunha estrutura e patrón orgánicos e futuristas, pero sen perder a vitalidade e desenfado que outorgan as cores escollidas, esta creación fálanos dunha prenda á vez elegante e vistosa, cálida pero liviá. Para acadar tan belo e funcional resultado son precisas non só unha inspiración a punta de agulla e unha técnica moi depurada; coma moitos artistas, a nosa tecelá faise acompañar de lapis e caderno para plasmar as súas ideas e que as liñas mestras da futura peza lles sirvan de guía ao seu maxín e ás súas mans.

Referíndonos ás cualidades desta creadora falamos de creatividade e de innovación, por suposto, pero sen perder de vista o feito de sustentar o seu traballo na destreza manual que require un labour de raíz tradicional como é o seu, ao que cómpre engadirlle factores de ecoloxía, sustentabilidade e respecto pola saúde das persoas, que lle engaden valor ás prendas confeccionadas nun material ancestral como a la. ●



© Clara Mateo



Cisne Taller Artesano

*Selos de caucho ou de lacre cos que gravar o noso nome,
álbums de fotos personalizados e libros de sinaturas,
adhesivos ou convites son algúns dos artigos que ofrece Cisne,
coidando ao máximo o deseño e acabado.*

📍 Avenida de Zamora, n.º 100 | 32005 Ourense

📞 +34 988 245 103

✉ cisne.paco@hotmail.es

📘 @cisneartesan

📷 @cisneartesan

🌐 www.cisneartesan.com

🕒 Mañá



Hai datas e eventos na vida que deixan unha pegada indeleble. Co gallo de contribuir a que o carácter irrepitible de momentos coma eses perquire no tempo e as persoas que participan neles os vivan coa mesma ilusión, o obradoiro de encadernación Cisne pon a disposición dos seus clientes unha ampla variedade de produtos e presentacións con selo artesán.

Francisco Araújo Nogueira fundou esta empresa a mediados dos anos oitenta, logo de probar sorte no eido laboral como torneiro. Na actualidade comparte a tarefa coa súa filla Rosa María, formada no sector turístico pero involucrada dende cativa nas actividades familiares. Xuntos forman un tándem creativo que fai da dedicación aos pequenos detalles un traballo vocacional, como podemos apreciar nos numerosos encargos que lles solicitan para vodas, bautizos e outras celebracións, pero que ademais acredita unha longa traxectoria como obradoiro de

encadernación, tanto de luxo como para o gran público. Para chegar ata acó, Francisco tivo que formarse en distintos lugares da xeografía galega e española, como Santiago ou Madrid, ao tempo que a súa habelencia manual lle permitiu fabricar moitas das máquinas que emprega.

Selos de caucho ou de lacre cos que gravar o noso nome ou emblema en calquera documento ou prenda, albums de fotos personalizados e libros de sinaturas (realizados en kraft, rústica ou *vintage*), adhesivos ou convites son algúns dos artigos que ofrece Cisne, coidando ao máximo o deseño e acabado dos seus produtos e procurando a completa satisfacción do cliente. Outro dos servizos cos que conta é o de restauración de libros antigos. Se a isto sumamos o outro pilar que sustenta o negocio familiar, a librería que rexenta a dona de Francisco, decatámonos do amor cara ás letras impresas que atesoura esta firma auriense. Desexamos que siga sendo así por moito tempo. ●



Telartesán

As súas coleccións teñen o seu forte nos máis pequenos da casa, buscando conscientemente derrubar as barreiras de xénero; as súas creacións van destinadas tanto a nenas coma nenos, e, ademais cada peza é única.

📍 Rúa Greco, n.º 2 baixo | 32002 Ourense

📞 +34 657 815 067 | +34 988 247 254

✉ telartesan@gmail.com

📘 @telartesandra

📷 @telartesan

🌐 www.telartesan.com

🕒 Tarde. Cita previa



Non sempre o labor artesán remata coa elaboración dun produto enteiramente novo a partir dun material informe. Ás veces o mérito reside en transformar un obxecto xa fabricado pero sen ningún atributo especial nunha obra con personalidade. No caso que nos ocupa, esa alquimia acontece por medio dos pinceis e a pintura téxtil, que, servíndose do lenzo en branco de prendas e accesorios «en cru», logran cativar os nosos sentidos con fermosos grafismos e suxestivas ilustracións.

Sandra estudou enxeñería pero a atracción pola plástica que sentía dende cativa fíxoa propoñerse vivir da súa paixón. Procurando un xeito de dar renda solta á súa creatividade e, á vez, conseguir introducirse no mercado da artesanía, creou a súa marca de artigos personalizados. Estes van dirixidos a un amplo abano de clientes, se ben as súas coleccións consolidadas teñen o seu forte nos máis pequenos da casa, buscando conscientemente derrubar as barreiras de xénero; as súas creacións van destinadas tanto a nenas coma nenos, e, ademais cada peza é única. Por se fose

pouco, as personaxes que decoran bodies, zapatillas, bolsas, estoxos ou camisetas vense reflectidas nos contos que esta ourensá vai escribindo en paralelo ao seu traballo no obradoiro. Noutras ocasións, os encargos que lle fan a Sandra teñen como protagonistas a famosos heroes de videoxogos e series de animación.

O labor encol do tecido da nosa «pintora de historias», como ela se refire á súa actividade, transmite ledicia, tenrura e tamén amor á cultura propia, como proban as expresións autóctonas que, de cando en vez, decoran os seus produtos. Máis frecuentemente é o nome da persoa á que vai destinado o encargo-agasallo o que ocupa o espazo principal da tea. En calquera caso, a delicadeza e o agarimo que inspira o traballo desta artesá reflíctese tamén á hora de preparar os envíos, por exemplo coa incorporación dunha pluma de vivas tonalidades que lle dá á experiencia de abrir un dos paquetes de Telartesan ese toque de conto infantil no que tantas veces desexariamos vernos mergullados á procura do tesouro.



O Covil

Como obradoiro de ebanistería que é, este taller non só se dedica ao «lifting» de mobiliario vetusto ou deteriorado. Ademais materializa por encargo deseños propios, rabiosamente contemporáneos

📍 Rúa Igrexa, Camiño A, n.º 3 - Untes | 32990 Ourense

📞 +34 699 173 050

✉️ covil.chus@galicia.com

📘 @Ocovildechus

📷 @covilchus

🕒 Mañá. Cita previa




Logo duns anos nos que a uniformidade no deseño e as tendencias utilitarias ateigaran o mercado de produtos estandarizados e sen personalidade, o sector do moble clásico vive un renacemento asentado na calidade da súa construción e nos novos enfoques da decoración, máis integradores de diferentes estilos e épocas.

Chus Lamas sabe que os mobles contan historias, e ela ten a chave para escoitalos e elixir o tratamento idóneo que os converta en obxectos irrepetibles. Empregando distintas combinacións cromáticas e tapizados consegue vestir de encanto mesas, butacas, cadeiras ou baúis, tentando ao mesmo tempo preservar a estética destes silandeiros habitantes do fogar. Noutros casos a intención do propietario é a recuperación do moble orixinal, co que a creatividade deixa paso a un concienzudo traballo de restauración que constitúe unha auténtica viaxe no tempo. Con moito agarimo e respectando ao máximo a ferraxería e acabado, o «paciente» recobra a aparencia que tiña no seu momento de esplendor. Nós non

cansaremos de dicilo: rabuñazos, fungos, estragos na pintura ou ataques de xilófagos non son excusa para desfacerse dunha peza de indubidable valor, sobre todo se a comparamos coas a miúdo insustanciais propostas que ofrecen as grandes cadeas en xeral.

Como obradoiro de ebanistería que é, o Covil non só se dedica ao *lifting* de mobiliario vetusto ou deteriorado. Ademais materializa por encargo deseños propios, rabiosamente contemporáneos, coma a mesa auxiliar en dúas pezas sen ferraxes, construída como non pode ser doutro xeito en madeira maciza. Unha proba máis do talento e a innovación que atesouran os produtos *made in Galicia*.

Unha folia de carballo, árbore totémica da nosa cultura, sérvelle de emblema a esta pequena firma con rostro e mans de muller, O Covil. Mesmo o seu nome nos suxire un comfortable acubillo no que abeirarnos. Así pois, fagamos nosa a súa filosofía creativa e escollamos a beleza e solidez do traballo ben feito para acompañarnos na nosa vida cotiá. Porque os mobles contan historias a quen queira escoitalos, ou sacalos do esquecemento. ●



Iris Branco

*Nas creacións da ourensá pódese apreciar
un sincero amor pola terra e a cultura propias,
con raíces no rural e a natureza.*

📍 Aldea Pazos de Cea, n.º 6 | 32141 San Cristovo de Cea

☎ +34 685 808 997

✉ magicosgagarin@gmail.com

📷 @irisbranco_

🌐 www.irisbranco.com

🕒 Cita previa



das súas novelas gráficas, onde reflexiona con fondura poética e sentido do humor. Pero é a escultura en cerámica un dos materiais cos que máis cómoda se atopa á hora de expresar os seus sentimentos. Froito desta última vertente son pezas coma as que integran a serie Ilusívoras, o xarrón Vaxina ou Corazón Sonoro. Nelas Iris experimenta con formas orgánicas e diversas técnicas —esmaltado, óleo, acuarela— que inclúen a incorporación de dispositivos musicais. Como podemos ver, atopámonos ante unha creadora multidisciplinar e orgullosa do herdo cultural recibido, que ela mesma tenta transmitir cun talento inesgotable. ●

Unha visión de Galicia soñadora e desenfadada, que cativa por igual a grandes e pequenos. Así poderíamos describir o traballo da artista plástica e deseñadora Iris Branco, se non fose porque resulta van tentar cualificar a expresión dunha linguaxe que carece de límites e non se acomoda ás etiquetas. Así e todo, para moitas persoas que se acheguen á obra desta exploradora —como ela se define— resultará doado albiscar reminiscencias do pop-art a través de persoeiros da cultura galega e universal, mais tamén da súa viva paleta de cores, adaptada aos

temas polos que mostra especial querencia.

Iris graduouse en Belas artes na facultade de Pontevedra. Dende o comezo a nosa protagonista deixou fluír o seu talento en diversas técnicas e soportes postos ao servizo do seu afán creativo. Coa obtención da carta de artesá inicia a incursión profesional no mundo da escultura e o debuxo baixo o nome Mágicos Gagarin, unha homenaxe aos soños infantís de conquistar o espazo cos que Iris se identifica.

Nas creacións da ourensá pódese apreciar un sincero amor pola terra e a cultura propias, con

raíces no rural e a natureza. Animais e plantas autóctonas, paisaxes ou figuras sobranceiras coma Rosalía de Castro protagonizan as súas ilustracións, deseños de produto e audiovisuais de animación, estes últimos co selo do proxecto Cachena Channel, que procura achegarlles aos máis cativos o noso rico patrimonio natural e etnográfico.

Na súa faceta de ilustradora, que compaxina coa de artista plástica, Iris ten deseñado a imaxe de diferentes eventos culturais e promocionais. Por outra banda, a Cosmonauta, personaxe que lle serve de *alter ego*, é a inspiradora





Taller Arbor

*Taller Arbor traballa exclusivamente con fibras naturais:
la meiriña, seda e liño, cos que confecciona produtos
como bufandas, chales ou mantas.*

📍 Sobreira, n.º 10 | 32140 Vilamarín

📞 +34 666 964 517

✉ victoriarbor@hotmail.com

🌐 <https://tallerarbor.blogspot.com>

🕒 Cita previa



A imaxe do tear segue a impresionar a moitas persoas que descubren este enxeño da tecnoloxía rural. Porén, a fase do tecido é só o cumio dun proceso moi traballoso que abrangue distintos procesos ata obter o fío do que están feitas as prendas. Co gallo de preservar esta tradición, a nosa protagonista segue disposta, coa lanzadeira na man, a mostrarlle quen o desexe o labor ao que leva dedicándose dende 1983, sendo polo tanto unha das referencias en Galicia deste oficio.

Victoria, natural de Vigo, decidiu trocar a cidade polo interior rural logo dunha etapa da súa vida marcada polo nomadismo. En Vilamarín, no interior ourensán, atopou non só un lugar onde desenvolver o seu proxecto vital, senón tamén un ambiente propicio para iniciarse na actividade que lle deu sona. O seu foi un longo periplo formativo que arrincou asistindo a un curso en Madrid e que, co tempo, completaría asistindo a distintos seminarios e recollendo os coñecementos que lle transmitiron os maiores. Ela mesma ten ensinado os seus coñecementos na materia e, nunha ocasión, logrou convencer a un grupo de mulleres da Limia para que se involucrasen no cultivo



e transformación do liño como se facía había décadas. Desta dura pero tamén bela experiencia quedou testemuño nun pequeno documental que Victoria recolle no seu blog.

Taller Arbor traballa exclusivamente con fibras naturais: la meiriña, seda e liño, cos que tece artigos como bufandas, chales ou mantas. Ademais, ten elaborado panos de liño a partir de liño vello doado por particulares. De orixe natural son tamén os tintes que Victoria obtén a partir de substancias vexetais ou de cochinilla. Pero o seu amor polo medio ambiente non fica aquí, senón que se transmite; outra Victoria, a sobriña da nosa artesá, vén de poñer en funcionamento Aloumiños no bosque, unha escola na natureza situada en Beiro que procura unha aprendizaxe para os máis cativos en contacto coa contorna. Ademais, Victoria segue os pasos da súa tía adquirindo dela os fundamentos do tear.

A práctica e o ensino do ioga constitúen na actualidade outra das facetas da nosa tecedeira, que recoñece os seus efectos beneficiosos logo de moitos anos nun oficio tan fermoso coma esixente, que agardamos non se perda.

Camiño Portugués e Portugués da Costa

Dende o sur, a frecha amarela percorre cidades, vilas e rueiros. A súa esencia é cicelada na pedra, retallada en tea ou pendura orgullosa do pescozo. E, sobre todo, alumea guiándonos polos vellos sendeiros cara Compostela.





Adanegra

As nosas artesás renegan da patronaxe convencional e as súas ríxidas configuracións para lograr que sexa a roupa a que se acomode ao corpo e non ao revés.

📍 Rúa da Candeira, n.º 2, 1.º | 36780 A Guarda

📞 +34 646 354 830

✉ talleradanegra@hotmail.com

📘 @adanegratextil

📷 @adanegrataller637

🕒 Mañá. Cita previa



Se ben para moita xente a moda segue a ter connotacións de produto industrial, creado para satisfacer unha gran demanda a baixo prezo e sen reparar nos custos ambientais, cada vez son máis os pequenos talleres que se atreven a cuestionar este modelo, apostando por pequenas coleccións e prendas exclusivas que combinan un deseño vangardista con materias primas de calidade e unha confección respectuosa coa contorna.

O comezo do novo século viu nacer un obradoiro pioneiro en Galicia na filosofía *slow fashion*. Referímonos a Adanegra, unha iniciativa creada por dúas mulleres e pensando nas mentes e os corpos femininos, dándolle prioridade á comodidade anatómica. Así, as nosas artesás renegan da patronaxe convencional e as súas rixidas configuracións para lograr que sexa a roupa a que se acomode ao corpo e non ao revés.

Con orixe en tendas locais, A maioría dos tecidos que emprega Adanegra son agarimados ao longo de todo o proceso de confección da prenda. A través de técnicas coma o secado ao sol conséguense minimizar o consumo de enerxía, e o mesmo esforzo atopamos no aforro de auga, emisións de medios de transporte e residuos.

A idea central do obradoiro é crear roupa diferente e asequible que proporcione comodidade, atendendo sempre a criterios ético-sostibles. Deste concepto baseado en divertidas combinacións de cores, xeometrías e superposicións nacen auténticas obras de arte téxtil que se atopan no seu ambiente tanto nas rúas dunha cidade europea coma nun bosque ou praia da nosa terra ou entre as caellas dunha vila africana. É un dos méritos dun deseño á vez moderno e cosmopolita, pero que indefectiblemente chama a atención polo seu xogo de formas e tonalidades.

Amáis das diferentes coleccións, o catálogo da firma guardesa está integrado por prendas tan versátiles e orixinais coma a falda Adanegra e a *Asaia filosofal*. Esta última despreza un abano de modelos únicos inspirados en personaxes senlleiras da arte, da ciencia ou mesmo de ficción. Co mesmo estilo característico da casa atopamos varias prendas dirixidas ao público infantil. E non esquecemos mencionar que, na liña colaborativa e individualizada do obradoiro, este tamén está aberto á recepción de encargos. E é que en Adanegra saben ben que cada persoa é única, polo que tamén a roupa que nos viste debe ser irrepetible, coma nós. ●



© Beatriz Gómez Lemos



arelade fe

Xinguindo materiais dispaes, a nosa artesá consegue transformar un enfeite nunha metáfora visual que logra captar a nosa atención ao primeiro golpe de vista.

📍 Camiño do Fial, n.º 16 | 36309 Oia

📞 +34 669 426 026

✉️ feglez@hotmail.com

📘 @arelade fe

📷 @arelade fe

🌐 www.arelade fe.com


🕒 Mañá



A evolución da ourivería ao longo dos séculos vai parella á da propia civilización. De símbolo de status socioeconómico ao alcance duns poucos privilexiados foise convertendo nun elemento máis da indumentaria persoal. A súa fabricación tomou camiños cada vez máis creativos, nos que, sen renunciar a procesos artesáns, foron incorporándose técnicas e materiais que singularizan o traballo de cada profesional. Fe González representa o epítome desta procura constante do abraio en forma de xoia. Nas súas pezas descubrimos o xogo co surrealismo, a suxestiva reutilización de obxectos insólitos, mais tamén a elegancia formal que achegan

metais canónicos coma o ouro ou a prata.

Nado en 2005, este obradoiro de xoiaría contemporánea comezou a súa andaina como un ambicioso proxecto, mestura de espazo de creación e tenda. A súa promotora formouse na Escola Técnica de Xoiaría Atlántica, en Vigo, transitando moi axiña por camiños de experimentación que a afastaron do concepto máis convencional destes complementos. Xunguindo materiais dispares, a nosa artesá consegue transformar un enfeite nunha metáfora visual que logra captar a nosa atención ao primeiro golpe de vista. Como exemplo podemos citar pezas únicas coma o Broche-colgante Araneae, no que



combina prata, coral e granate ou o anel de fantasía no que combina ouro e prata oxidada nun intrincado labirinto.

Experta no xogo dos complementarios, a Fe gústalle incorporar nas súas xoias elementos de contraste cos metais preciosos que máis utiliza: ouro e prata con diferentes acabados (avellentado, oxidado, esmaltado). Deste xeito, antigas bágoas de vidro que adquire en feiras das *velherias* do veciño Portugal convértense en colgantes ou culleriñas de gran beleza.

Outras veces a nosa protagonista saca a relucir a súa faceta máis escultórica, con pezas fundidas á cera coma as dunha recente serie dedicada ao Camiño de Santiago.

Amais do seu lugar de traballo, no que acolle distintos cursos e faladoiros impartidos por outras artesás de referencia, Fe xestiona un espazo de exposición e venda na vila de A Guarda, no que tamén recibe encargos personalizados. Sen dúbida que, mesmo nestes casos, paga a pena deixarse levar pola súa intuición creativa; o resultado non nos deixará indiferentes. ●



Bo Camiño

*A Esther gústalle combinar a prata de lei con dous materiais
que asociamos á cultura celta: a madeira e mailo coiro,
conseguido un interesante efecto de contraste
entre ámbolos dous.*

📍 Camino da rúa, n.º 6 | 36415 Mos

📞 +34 602 166 963 | +34 986 348 417

✉️ tendabocamino@gmail.com

📘 @bocamino

📷 @bo_camino

🕒 De 8.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00



Se hai unha expresión que define mellor ca ningunha outra o espírito da peregrinación xacobeá é a que serve para desexar un desenvolvemento propicio da aventura a aquelas persoas que transitan o roteiro. Referímonos ao famoso adaxio «peregrino, bo camiño». Esta frase tamén lle dá nome a unha firma de artesanía que ten precisamente no itinerario a Compostela a súa fonte de inspiración.

Esther, corazón e mans do obradoiro, deu os seus primeiros pasos no eido da bisutería como autodidacta, contando dezaoito anos. Os seus coñecementos chegaron a través de pequenos cursos, talleres e tamén dos libros dos que se fornecía na Biblioteca Pública da súa cidade natal, Ourense. Máis adiante, e co gallo de profesionalizar a súa formación, titulouse como xoieira na Escuela Técnica de Joyería del Atlántico, en Vigo, e elixiu a mesma bisbarra da cidade olívica para instalar o seu espazo de creación, BC artesanía.

Nas súas pezas a Esther gústalle combinar a prata de lei con dous materiais que asociamos á cultura celta (tamén moi presente nos seus deseños): a madeira e mailo coiro, conseguindo un interesante efecto

de contraste entre ámbolos dous. Outros metais que emprega son cobre, latón ou aceiro inoxidable, en solitario ou acompañados de perlas, azibeches ou cristais Swarovski. Para moldealos a nosa artesá recorre a diversas técnicas de ourivería, como por exemplo o recocido ou a fundición á cera por goteo, e logra pezas únicas de gran beleza coma o conxunto *Dea Dama*.

Pendientes, chaveiros, pulseiras ou colgantes son algúns dos artigos que saen do obradoiro, con prezos verdadeiramente asequibles. En moitos casos, ademais, existe a posibilidade de personalizalos a gusto do cliente. Outros dos produtos estrela da casa son, dun tempo a esta parte, as máscaras téxtiles feitas a man nunha gran variedade de deseños.

Involucrada na directiva da asociación Revolto Artesán, Esther inda ten folgos para participar en feiras de artesanía por toda Galicia. Ademais, as súas pezas poden adquirirse en diferentes puntos de venda do Camiño de Santiago. Malia todo, paga a pena achegarse á súa tenda obradoiro a carón do Pazo dos Marqueses e enchouparse do espírito xacobeo que une os romeiros coa creadora nun mesmo amor pola tradición.



Marcos Escudero

Vivir no val da Louriña, o maior núcleo de extracción e transformación do granito de Galicia, foi esencial para adquirir os coñecementos básicos de cantaría e o manexo da ferramenta.

-  Camiño do Lombo, n.º 1 | 36415 Mos
-  +34 647 005 910
-  marcosescuderomos@gmail.com
-  Marcos Escudero Escultor
-  marcosescuderoescultor.blogspot.com
-  De 10.00 a 13.00 e de 16.00 a 20.00. Cita previa



A área de Mos constitúe un dos piares da explotación do granito en Galicia, e, como tal, é tamén berce de canteiros, os profesionais que lle dan a forma axeitada para os usos na construción de vivendas e outras aplicacións. Algúns destes artesáns acadan un refinamento artístico tal que se converten en escultores sobranceiros, como é o caso do noso protagonista.

Marcos Escudero é un caso singular dentro do seu oficio. Contrariamente ao que se puidese supor, a súa habelencia coa pedra non foi adquirida nin no ambiente familiar nin no académico. Marcos é un artista moi completo, modelado pola propia evolución a través de distintas etapas que deron comezo cos encargos en forma de pinturas murais e decorados comerciais. As súas primeiras esculturas, feitas en materiais tan diversos como arxila, cartón pedra, cemento ou madeira precederon a toma de contacto co mineral polo que vivira rodeado dende a nenez. Segundo afirma, o feito de vivir no val da Louriña, o maior núcleo de extracción e transformación do granito de Galicia, foi esencial para adquirir os coñecementos básicos de cantaría e o manexo da ferramenta que

o levaron a realizar as primeiras esculturas de pedra.

Fundado no ano 2001, o obradoiro de Marcos acolle diferentes labores relacionados co traballo de granito e outros minerais: escultura artística, artesanía en pedra, cantaría tradicional, traballos de restauración, realización de ornamentos e pezas especiais. A súa produción, cunha oferta adaptada a tódolos petos, abrangue dende obras de gran formato, na súa maioría encargos realizadas en granito, pasando por pezas decorativas de menor tamaño que ás que el denomina Pedras para levar, ou reproducións arqueolóxicas realizadas en granito silvestre de Vilachán, en cuarcitas do leito do río Miño ou pelouros que atopa na costa pontevedresa.

Mención á parte merecen as outras vertentes creativas e intelectuais deste polifacético artista: os seus debuxos de area, as viñetas satíricas, a súa actividade como blogueiro, o seu interese pola historia, a etnografía ou a ecoloxía, trazan o retrato dun home renacentista que, coma os guerreiros galaicos que tanto lle presta esculpir, mostra o seu orgullo pola cultura que o viu nacer ergueito e coa maceta na man.



Lago: Monroy

Nos proxectos deste estudio teñen un especial protagonismo os metais, sobre todo o aceiro, só ou en conxunción con outros materiais de histórica utilización na fabricación de lámpadas.

- 📍 Avenida Pablo Iglesias, n.º 39 | 36391 Nigrán
- 📞 +34 626 338 607 | +34 986 380 232
- ✉️ lagomonroy@gmail.com
- 📘 @lagomonroy
- 📷 @lagomonroy | @monroyproyectos
- 🌐 www.lagomonroy.com
- 🕒 De luns a venres de 9.00 a 13.00 e de 16.00 a 18.00



Cando falamos de artesanía non adoitamos incluír na nosa noción do termo aqueles obxectos que precisan de mecanismos electrotécnicos para funcionaren. Porén, a historia da iluminación artificial ten xa unha traxectoria abondo dilatada como para podermos considerar a fabricación e restauración de lámpadas coma unha arte especializada.

Luis e Antonio son o díodo humano que fai circular a enerxía creativa desta empresa senlleira, nada en 1995 cunha vocación orientada á restauración de lámpadas e outros enxeños metálicos. Neste eido podemos sinalar traballos coma a creación da réplica do farol modernista da Fonte das Palmeiras, en Caldas de Reis, así como diferentes actuacións na basílica de Lugo e maila catedral de Santiago de Compostela.

Co paso do tempo, a progresiva importancia que foron adquirindo os sistemas integrais de iluminación en vivendas e locais comerciais e de ocio levaron o noso tándem de artesáns a deseñar e producir as súas propias lámpadas, aplicando novidosas solucións coma o emprego de imáns en substitución de rótulas e os apliques I-Cono, que centran o foco de luz nun espazo concreto dentro dunha mesa compartida.

Nos proxectos deste estudio teñen un especial protagonismo os metais, sobre todo o aceiro, só ou en conxunción con outros materiais de histórica utilización na fabricación de lámpadas: vidro, cerámica, madeira etc. Pero se por algo destaca a firma que nos ocupa é polo seu coidado e moderno enfoque estético. Non en van, Lago:Monroy conta entre os seus clientes a profesionais do deseño de interiores, deseñadores de produto, arquitectos ou comercio de interiorismo.

Cun estilo que bebe dos referentes máis inmediatos da escola Bauhaus, preséntansenos estruturas baseadas en barras de aceiro inoxidable que sosteñen esferas truncadas nunha sorte de constelacións que levitan, lámpadas de pé que lembran mobles de inspiración retrofuturista etc. Mais, facendo uso do seu saber no eido da restauración, tamén é frecuente nos proxectos da casa a combinación destas pezas icónicas con outras recuperadas, coma vellas lámpadas procedentes de naves industriais ou luminarias de araña coma as que presiden os salóns familiares.

Como vemos, estamos diante dunha marca de referencia no sector, tan innovadora como estimulada polo espírito artesán que alumea as nosas vilas e aldeas.



Patricia Fornos

O estilo desta creadora-creativa bebe das fontes iconográficas do seu país de orixe: corazóns, motivos vexetais, animais característicos da fauna mexicana ou as famosas «catrinas».

📍 Rúa de Alfonso XIII, n.º 9 | 36201 Vigo

📞 +34 677 093 000

✉️ hola@patriciafornos.com

📘 @patriciafornosillustrator

📷 @patriciafornos

🌐 www.patriciafornos.com

🕒 De 9.00 a 18.00. Cita previa



Facendo o camiño inverso ao de tantas xentes da nosa terra que protagonizaron o fenómeno da diáspora, a artista mexicana de raíces galegas Patricia Fornos emprendeu rumbo cara a Península Ibérica e, logo dunha estadía en Madrid, pousou os seus pinceis de novo á beira do Atlántico, na cidade de Vigo. Porén, segue a visitar regularmente o seu país de nacemento, do cal se nutre a súa forma de expresión.

Patricia titulouse en deseño gráfico pola Universidade Iberoamericana de México, e especializouse en Belas Artes. Posteriormente, iniciou unha traxectoria como pintora, participando en mostras colectivas con artistas da súa xeración. Xa en España, e sen abandonar o eido da plástica, cursou diferentes másteres en ilustración. A esta etapa seguiu unha proveitosa xeira de exposicións tanto individuais como colectivas, nas que se albisca o seu interese pola cultura mexicana e as representacións que nela teñen a vida e a morte. Non en van, Patricia gábase de «calaverizar» todo o que se lle poña por diante.

O estilo desta creadora-creativa —atesoura máis dunha década como deseñadora e directora de arte—

bebe das fontes iconográficas do seu país de orixe; corazóns, motivos vexetais, animais característicos da fauna mexicana (bolboretas monarca, xaguars, axolotes) poboan os seus coloridos lenzos, pero tamén multitude de produtos que personaliza a gusto do cliente ou por iniciativa propia, como camisetas, zapatillas, cuncas ou máscaras. Mais se hai un tema que define o traballo de Patricia mellor ca ningún outro é o das caveiras. Cunha visión desenfadada e exuberante reinterpreta a tradición das *catrinas* típica dos ritos funerarios de México, e lévaa a un terreo onde a fantasía, a tenrura e o humor xorden en forma de personaxes tan cadavéricas como cheas de vida.

Souvenirs para hoteis, carteis ou murais son algúns dos soportes que locen as súas «esqueletizadas» criaturas, das que calquera que o desexe pode ser modelo. Outras técnicas que explora recentemente combinan a pintura co bordado, como pode verse na serie *Corazón Blandito*. E falando de corazón, non esquecemos o espírito comprometido e solidario con diversas causas da nosa artista, sempre disposta a empregar a linguaxe da plástica para propoñer que imaxinemos un mundo mellor. ●



Marcos Mariño Seoane

Con varias mostras tanto individuais como colectivas ás costas, a produción do noso artista céntrase no traballo en árbores de titularidade privada ás que lles dá unha vida.

📍 Barrio da Debesa, n.º 24 - Arcade | 36690 Soutomaior

📞 +34 633 066 085

✉ marcosescultura@gmail.com

📘 Marcos Mariño

📷 @m.marinho

🕒 De 9.00 a 13.30 e de 16.00 a 20.00. Cita previa



Que Galicia é un país forestal ninguén o pon en dúbida. Dende a beira dos nosos ríos ata as abas das montañas multitude de especies arbóreas despregan as súas pólas converténdonos nunha potencia verde. E, por suposto, tamén temos artistas que saben aproveitar as posibilidades que ofrece a madeira. Porén, son poucos os tallistas na nosa contorna que tiran dunha ferramenta como a motoserra á hora de acometer a súa obra. Marcos Mariño Seoane é un destes feiticeiros da espada dentada, e tamén un embaixador do talento dos nosos artistas no resto do mundo.

Natural de Arcade, Marcos graduouse na especialidade de escultura na EASD Mestre Mateo de Santiago. No decurso das intervencións que realizou no Parque dos Sentidos de Marín, descubriu as grandes utilidades

creativas que posuía aquela ferramenta que tiña nas mans. Neste espazo senlleiro Marcos fixo xurdir dos tocos inertes seres fantásticos e animais que acompañan os xogos e paseos de grandes e cativos. Comezaba deste xeito unha traxectoria na que a obra escultórica vai reflectindo cada vez maior grao de detalle a medida que o noso protagonista adquire novas técnicas e habelencias, parellas a un coñecemento superior do seu elemento de traballo.

Con varias mostras tanto individuais como colectivas ás costas, a produción do noso artista céntrase no traballo en árbores de titularidade privada que rematan secando por mor de enfermidade ou outras causas, que lle permiten a Marcos darlles unha nova vida. Noutros casos as obras poden ser admiradas por toda a sociedade,



caso do impresionante Belén que fixo na súa terra natal con figuras de gran formato e que segue a medrar cada ano con novas incorporacións.

Consciente da grande estima que recibe a súa disciplina artística noutros países de Europa e Norteamérica, Marcos viuse perfectamente capaz de medirse con «mototallistas» doutras latitudes nalgún dos numerosos torneos que se celebran ao ancho do mundo, como Inglaterra, Escocia, Chile, Siberia ou Lituania. Á agarda dun evento semellante na nosa terra, a súa destreza coa motoserra xa ten deleitado a multitudes naqueles lugares aos que ten viaxado, e nos que reconece ter sido tratado con respecto e agarimo, o mesmo que deberían recibir tódalas persoas que dedican a súa vida a crear beleza coas mans e o corazón. ●





© Artesanía de Galicia



Manuel Collazo Torres

Cunha reputación gañada a golpe de maceta, os encargos nutren a maioría do volume de facturación do seu obradoiro, con propostas tanto de particulares como de entidades asociativas.

📍 Paredes, n.º 11 | 36141 Vilaboa

📞 +34 626 092 636

✉ collazoescultura@outlook.es

🌐 www.canteriayescultura.com

🕒 De 9:00 a 13:00. Cita previa



A abundancia de granito na cornixa atlántica de Europa favoreceu nos albores do neolítico o xurdimento da cultura megalítica. Ao longo dos séculos grandes xacementos en superficie desta rocha plutónica teñen sido obxecto de explotación por parte do ser humano. Con ela constrúese vivendas, templos, peches de fincas, pontes, pavimentos etc., que lles outorgan un papel esencial na paisaxe da nosa terra aos profesionais da pedra por excelencia: os canteiros.

Nun deses obradoiros, o do seu tío, tivo o seu primeiro contacto co ígneo mineral o escultor Manuel Collazo Torres. Con só catorce anos entrou como aprendiz na empresa facendo labores diversos, pero a súa formación na arte de labrar a pedra

arrincou uns anos despois na escola de canteiros de Poio. Alí recibiu unha completa aprendizaxe de base que lle permitiu traballar en distintos negocios do sector antes de tomar a decisión de establecerse por conta propia no ano xacobeo de 1999.

Cunha reputación gañada a golpe de maceta, os encargos nutren a maioría do volume de facturación do seu obradoiro, con propostas tanto de particulares como de entidades asociativas ou municipais de toda a península, como por exemplo o grupo escultórico *A fonte dos nenos* en Pontevedra ou o monumento ao peregrino en Soto de Luiña (Asturias).

O seu proceso de traballo require a miúdo da realización dun bosquejo en arxila, se ben a súa adestrada capacidade para a visión

tridimensional permítelle prescindir en moitos casos deste elemento e acometer directamente a obra sobre o bloque de granito a partir dunha fotografía ou, no caso de pezas relixiosas, dunha estampa. As ferramentas manuais, empuñadas directamente pola extremidade do artesán, van dando así forma a bustos, cruceiros, brasóns, esculturas figurativas e tamén obras de maior envergadura coma os hórreos.

Coma o artista que é, Manuel insúflalle á súa obra escultórica un estilo propio. Nós non podemos evitar reparar na tenrura, adobiada dun certo primitivismo naíf, dos rostros que cicela na dura pedra, e que nos falan dunha procura da esencia humana tan enraizada no pasado coma a propia sabedoría dos canteiros.





Artesanía Silvent

«As sensacións, o tacto e o durable que é a madeira son características que nos parecen moi interesantes nun xogo ou xoguete que vai estar durante horas nas mans dos nosos fillos.»

📍 Lugar de Paraimas, n.º 11 - Saiar | 36656 Caldas de Reis

📞 +34 627 442 836

✉ info@artesaniasilvent.com

📘 @artesaniasilvent

🌐 www.artesaniasilvent.com

🕒 Cita previa



Nesta ocasión recolleemos o testemuño do propio artesán reproducindo as inspiradas verbas de Guille, que nos conta:

«Artesanía Silvent é unha empresa familiar, cuns inicios motivados polo nacemento do noso primeiro fillo. Logo de observar que algúns dos xoguetes que tiña se estragaban con facilidade, polo que non eran seguros nin resistentes, decidínme a facer eu mesmo xoguetes de madeira. Lévolle dedicado á carpintería toda a vida e, malia que non me consideraba exactamente un artesán, si que coñecía o material e sabía que un xoguete de madeira pode durar toda a vida, igual que, se rompía, eu mesmo podería reparalo.

Nesta empresa o traballo realízase nun equipo de tres persoas: eu deseño e elaboro o xoguete, a miña dona ocúpase da parte artística e crítica e, por último, o noso fillo é o encargado de poñer a proba o artigo rematado.

As sensacións, o tacto e o durable que é a madeira son características que nos parecen moi interesantes nun xogo ou xoguete que vai estar durante horas nas mans dos nosos fillos. Ademais, grazas á ausencia de mecanismos

e sons electrónicos, propicia o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da psicomotricidade e, sobre todo, un estreito contacto coa natureza que nos rodea.

Inda que ata hai pouco descoñecía a miña vea de artista, agora que a descubrín quero honrar o apelido familiar empregándoo como nome da empresa. Ao fío disto, éncheme de orgullo poder mencionar que o meu bisavó foi José Silvent, máis coñecido por Barriga Verde, nome do personaxe quizais máis atractivo de cantos concibiu para o seu espectáculo de monicreques. Pódese afirmar que foi o fundador dos monicreques populares na Galiza de mediados do século XX. Nun tempo no que a cultura galega estaba proscriba, José e mailos seus fillos idearon un espectáculo en galego que entusiasinou a multitude, o Barriga Verde.

Dende o intre no que realicei o meu primeiro xoguete descubrín que aquilo me apaixonaba, e de vagar fun dedicándolle máis tempo ata que decidín emprender esta viaxe, agardando que os meus xoguetes cheguen a moitos fogares e fagan gozar a moitos cativos e cativas, e, por que non, tamén a algún adulto». ●



Camilo Seira

O noso escultor non deixa de sentir esa curiosidade que, en forma de aprendizaxe e experimentación, o leva a probar novas vías na plástica contemporánea.

- 📍 Seira | 15911 Rois
- 📞 +34 646 193 307
- ✉️ camiloseira@gmail.com
- 📷 @camiloseira
- 🕒 Mañá e tarde. Cita previa



Cando un artista respira natureza na súa vida cotiá e ao seu carón os animais —domésticos ou salvaxes— van tecendo interaccións que un observador atento poderá rexistrar, non adoita pasar moito tempo antes de que nas obras daquel se comece a reflectir este universo íntimo e atemporal. Un bo exemplo desta vivencia é o escultor e pintor Camilo Seira, criado nas estribacións rurais do Camiño Portugués.

Cunha traxectoria xa recoñecida que inclúe pezas monumentais en bronce como *A Sementeira* e o *Monumento ao Peregrino*, ámbalas dúas situadas na localidade de Padrón, este versátil creador é un digno herdeiro da tradición escultórica dos nosos devanceiros. Non en van, un dos seus mestres foi o santiagués Fernando Blanco, coñecido como o escultor de Bonaval, quen á súa vez fora discípulo do gran Francisco Asorey. Coma ámbolos dous, Camilo achou na EASD Mestre Mateo un camiño formativo que lle proporcionou unha abordaxe técnica multidisciplinar, malia que a súa paixón polo volume xa principiara aos quince anos. Outro dos seus referentes foi o pintor Carlos Bóveda, ao que o uniu unha relación de amizade.

Logo de licenciarse en Belas Artes pola Universidade de Vigo, tivo a oportunidade de exercer como profesor na Escola de canteiros de Poio, unha institución neste eido en Galiza. Con todo, Camilo non deixa de sentir esa curiosidade que, en forma de aprendizaxe e experimentación, o leva a probar novas vías na plástica contemporánea; materiais da natureza como a carriza ou a bosta dos ruminantes que pacen na súa extensa herdade no lugar de Seira, en Rois, convértense en murais e esculturas habitadas por un espírito telúrico. O mesmo amor pola terra e os seus fillos, sexan humanos, animais ou a combinación de ambos, deixan entrever as súas expresionistas tallas en pedra e madeira, cun emprego moi acaído da policromía e unha técnica que evoca movemento e primitivismo a partes iguais.

Outras habelencias salientables deste autor abranguen dende a música tradicional ata a cetrería, pasando pola organización dun encontro de *land art* e a realización de obradoiros para nenos na súa bisbarra. Atopámonos, pois, ante o retrato dun artista polifacético e en permanente descuberta da cultura que nos constrúe.



Obradoiro Seoane

No caso dos instrumentos personalizados ofrécese a posibilidade de decorar o aro con distintos motivos ou o propio nome mediante a técnica do pirogravado.

📍 Vilar de Calo, n.º 70 | 18886 Teo

📞 +34 657 810 611

✉ obradoiroseoane@gmail.com

📘 @obradoiroseoane

🕒 De luns a venres de 9.30 a 14.00. Tardes cita previa



© David Ramos Castellano



© David Ramos Castellano



© David Ramos Castellano

Desviarse da ruta establecida proporciona ás veces recompensas inesquecibles. Tal é o noso convencemento que non podemos evitar suxerir a quen estea a completar a derradeira etapa do Camiño Portugués que faga un pequeno esforzo antes de chegar a Compostela e dirixa os seus fatigados pés cara Vilar de Calo, moi preto de O Milladoiro. Alí, nun acolledor espazo rexentado por Pablo Seoane, descubriremos unha auténtica factoría de ritmos galegos, os mesmos que a golpe de repenique dan o pé á voz das nosas cantadeiras, e mesmo das doutros lugares. De feito, deste obradoiro artesán saen pandeiretas, mais tamén tambores, pandeiros ou tarrañolas, para lugares coma Asturias ou Barcelona. Unhas creacións tan viaxeiras, polo tanto, coma os propios usuarios da ruta xacobeá.

Pablo decidiu abrir o seu establecemento dedicado á manufactura e restauración de instrumentos tradicionais de percusión no verán de 2016, logo de máis de vinte anos de experiencia neste eido, sabedoría que aplica á escolla das madeiras (arce, nogueira, piñeiro, cocobolo,...), que secan estricadas no exterior


do obradoiro, procurando non só elixir aquela que mellor satisfaga o presuposto e necesidades de cada cliente, senón tamén a harmonía tocante ás tonalidades e deseño da veta (moi importante nos traballos de reconstrución parcial ou integral dunha peza). No caso dos instrumentos personalizados ofrécese a posibilidade, ademais, de decorar o aro con distintos motivos ou o propio nome mediante a técnica do pirogravado. Chama a atención o emprego de chapas de botella nas ferreñas como detalle distintivo, malia que son tamén moi demandadas as feitas a man. Por último, debemos louvar a coidada presentación das elegantes fundas de transporte coa enseña do obradoiro.

Voltando á recomendación que faciamos ao comezo, consideramos que ben paga a pena facer un par de quilómetros entre ida e volta para coñecer o proceso e características dun dos instrumentos que mellor definen a esencia da nosa terra. De certo que o visitante non se ha arrepentir ao comprobar coma aqueles pés cansos que chegaron ata a porta do Obradoiro Seoane alixeiran o paso máis animados co son da pandeireta inda fresco nos oídos e Compostela no horizonte. ●




Silvereira

Combinando madeira de ameneiro recuperada con prata de primeira lei conséguense fermosísimas pezas cuxa filigrana arremeda a técnica do encaixe, moi lixeiras e abondo resistentes.



- 📍 Aldea Raíces, n.º 22 baixo | 15895 Ames
- 📞 +34 639 033 317 | +34 981 548 659
- ✉ info@silvereira.com
- 📘 @silvereira
- 📷 @silvereira_joyas
- 🌐 www.silvereira.com
- 🕒 De luns a venres de 9.00 a 14.00. Cita previa



Os escaparates das tendas de artesanía nas vilas e cidades galegas son o mellor expoñente da capacidade creativa das nosas xentes facedoras. Un eido que, coma tantos peregrinos, camiña con paso firme unha senda milenaria na que os aspectos formais seguen a fomentar unha estética e valores tradicionais, mentres que os procesos tecnolóxicos van sendo incorporados pouco a pouco co gallo de aproveitar ao máximo as posibilidades dos materiais. Bo exemplo disto é a prestixiosa marca Silvereira, pioneira na introdución da madeira no eido da xoiaría.

Logo de formarse a carón dalgúns dos máis afamados ourives de Compostela, a comezos do novo século Juan Lamas aventúrase na posta en marcha do seu propio obradoiro artesán. Cunha idea ben perfilada e convencido das bondades da madeira aplicada á confección de xoias, este artesán reúne un equipo interdisciplinar de deseñadores, creadores, técnicos de vendas etc. que contribúen a situar o nome desta empresa entre as referencias do sector en Galiza.

E falando da nosa terra, é precisamente unha árbore moi característica do ecosistema fluvial galego, o ameneiro, a que fornece

do seu valioso durame a esta firma. Combinando o dito material, que ten unha orixe non só cen por cen autóctona, senón ademais sustentable (proveniente dos descartes da industria forestal) con prata de primeira lei, conséguense fermosísimas pezas cuxa filigrana arremeda a técnica do encaixe, moi lixeiras e abondo resistentes. Estas creacións reflicten un exhaustivo traballo de procura da esencia de diversas culturas, algunhas tan próximas coma a dos nosos veciños lusos e outras tan afastadas coma as do extremo oriente.

Grazas á aplicación de tecnoloxías coma a do deseño por ordenador e o corte mediante láser, obtéñense uns patróns tan intrincados como harmónicos, que navegan entre a complexidade dos fractais matemáticos e o infinito do mundo vexetal. Mais non debemos esquecer os alicerces artesanais desta empresa, na que o traballo manual é imprescindible para conseguir tan belos resultados. Unha busca que leva a Silvereira a incorporar diferentes cores e elementos tan tradicionais na nosa xoiaría coma o acibeche, combinando unha vez máis elegancia e vitalidade nuns enfeites de luxo.

Camiño do Norte

Ben sexa en pequenas aldeas ou en históricas vilas, o entusiasmo das nosas xentes creadoras consegue converter arxila, pedra ou madeira en pezas sen igual, como tamén cativa o noso espírito a través da imaxinación. O camiño verde ten moito que ofrecernos.

- Ribadeo
- Vilela
- A Ponte
- Vilamartin Pequeno
- Gondán
- Lourenzá **Lucía Catuxo Cerámica**
- San Pedro da Torre
- Mondoñedo **Mircromina Taller dos Títeres**
- Abadín **Katova**
Fernando Vilariño
- Martiñán
- Goiriz
- Vilalba **Pequeno Tres Pesos**
- Ponte de Sa
- Baamonde
- Digañe
- Miraz
- A Roxica
- O Marco das Pías
- Guitizá
- Sobrado dos Monxes
- As Corredoiras
- Sendelle
- Arzúa
- A Salceda
- Santa Irene
- Arca (O Pino)
- A Lavacolla
- Monte do Gozo
- Santiago





Lucía Catuxo Cerámica

Nas súas creacións dirixidas ao fogar, a nosa artesá procura achar un equilibrio entre beleza e funcionalidade. Obxectos recoñecibles na forma por mor da súa sobriedade e sinxeleza, pero dotadas dun carácter propio.

📍 Vilafernando, n.º 8 | 27766 Trabada

📞 +34 669 446 352

✉️ luciacatuxo@casadocura.es

📷 @lucia_catuxo

🌐 www.luciacatuxo.com

🕒 Cita previa



Cada un dos obradoiros que zarrapican as beiras dos camiños a Compostela ten unha personalidade propia, e, nalgúns casos, unha historia que mesmo trascende a de espazo de creación. Achegarse á Casa do cura, en Trabada, constitúe unha experiencia inmersiva na riqueza da nosa olería, pero ademais este lugar respira artesanía en vivo; unha das súas dependencias, rehabilitada como taller, acolle o traballo da ceramista Lucía Catuxo.

Lucía naceu en Asturias, e é licenciada en Química Inorgánica. A súa relación coa arxila venlle dos Seminarios de verán de Sargadelos, onde descubriu a súa

vocación con só quince anos. Con Lito e Selito Vega, oleiros de Faro, iniciouse na aprendizaxe do oficio, que completaría fóra da súa comunidade coas ceramistas Marichu Delgado Bengoechea e Neus Sotomayor.

No ano 2005 instálase na aldea de Vilafernando para dedicarse profesionalmente á cerámica. O lugar elixido foi unha vivenda con nome propio, a carón da capela. Lucía afirma que foi aquel sitio quen a atopou a ela, e non ao revés. No interior da que fora a palleira, habilitou un acolledor espazo bañado pola luz cambiante que entra polas fiestras, co torno como protagonista. Precisamente é esta



ferramenta coa que máis traballa o seu material predilecto, o gres, co que obtén pezas resistentes e duradeiras, aptas para lavalouzas ou fornos microondas.

Nas súas creacións dirixidas ao fogar, a nosa artesá procura achar un equilibrio entre beleza e funcionalidade. Obxectos recoñecibles na forma por mor da súa sobriedade e sinxeleza, pero dotadas dun carácter propio. O tacto que transmite a peza, así como a súa a decoración, son moi importantes para a ceramista. Ela mesma prepara os esmaltes, que son utilizados dun xeito harmonioso e sutil, deixando que vaian creando texturas e matices ao se apousaren

encol da superficie. Ás veces un toque de torno debuxa fermosas vetas en forma de remuíño no fondo, mentres que noutras ocasións a cor escorrega pola beira cara ao interior da peza.

Cuncas, fontes, remates cónicos para tellados e chemineas son algunhas das obras que Lucía produce —en pequenas series— no seu torno. Pero ademais é unha consumada artista que modela esculturas en arxila para a súa posterior fundición en bronce. Outra das satisfaccións que obtén do seu traballo é o recoñecemento daquel nas distintas exposicións, feiras e proxectos nos que participa tanto en Galicia coma noutros lugares. ●



© Diego González



Mircromina Taller dos Títeres

*A intención deste artesán senlleiro non é só entreter
coas aventuras e enredos das súas criaturas, senón que
ademais procura transmitir valores humanos universais,
como a igualdade.*

📍 Rúa Obispo Fernández de Castro, n.º 8 baixo | 27740 Mondoñedo

☎ +34 617 353 140

✉ tonarenas@gmail.com

📱 @mircromina

🌐 www.mircromina.es

🕒 De 11.00 a 13.00 e de 18.00 a 20.00 h



Nesta ocasión atopámonos ante unha proposta ben diferente do que acostuma representar un obradoiro artesán, no cal o seu labor se traduce, as máis das veces, en obxectos que poden ser adquiridos para formar parte da nosa vida cotiá. Porén, hai unha dedicación evidente á creación manual (e intelectual), co engadido da complexidade que supón argallar e representar ante o público un espectáculo. Damas e cabaleiros: con todas e todos vostedes, Mircromina taller de títeres!

Nado na meridional Córdoba e afincado no barrio artesán dos Muíños, Ton Arenas é un creador

polifacético que, sentindo a chamada do artista que leva dentro, decidiu trocar a profesión de enxeñeiro agrónomo pola de construtor e intérprete de monicreques. O seu mentor foi o mestre titiriteiro Arturo Pérez. No ano 2010 nace a compañía que dirixe, e tamén nese ano estrea a súa primeira produción, *Vacacións no mar*.

Malia que o campo base de Mircromina é o seu fogar no barrio mindoniense, lugar de estrea para cada un dos espectáculos, Ton é fiel á tradición itinerante do seu traballo e percorre durante todo o ano a xeografía galega para achegar a



públicos de tódalas idades a maxia do pequeno escenario. Pero ademais non dubida en compartir os seus coñecementos na elaboración de monicreques cos máis cativos e cos máis curiosos nalgún dos moitos obradoiros que imparte en diferentes celebracións e feiras de artesanía ás que é convocado co seu séquito de cartón pedra.

A intención deste artesán senlleiro non é só entreter coas aventuras e enredos das súas criaturas, senón que ademais, seguindo a máis enraizada visión grega e shakesperiana, procura transmitir valores humanos universais, como a igualdade. Velaquí



o importante papel didáctico que xoga o labor.

Certamente, de deixármonos caer polo barrio dos Muíños, non poderemos levar connosco a ningunha das personaxes que compoñen a nutrida *troupe* de Mircromina, coma Antolín o bailarín ou Raio the Loubicán, mais se temos a gran sorte de poder asistir a unha das súas representacións en vivo, o que nos ha acompañar durante moito tempo será un sorriso agradecido por facernos gozar co feito atemporal do teatro de monicreques, unha especie en extinción á que podemos contribuír a salvar cos nosos sinceros aplausos. ●



Fernando Vilariño

Como o habelencioso tallista que é, consegue darlle a cada peza un acabado maxistral, combinando superficies pulidas con outras traballadas a punteiro ou gradina para lograr un efecto de contraste e variedade de texturas.

📍 Rúa Bispo Fernández de Castro, s/n | 27740 Mondoñedo

☎ +34 678 990 683

✉ ferynuria3409@gmail.com

📘 @punteiradasviladepedra

📷 @punteiradasviladepedra

🕒 De 11.00 a 13.00 e de 17.00 a 20.00 h



O Repenique na pedra soa con esa leda cadencia que é a banda sonora do labor dos canteiros, mestura de metal e faísca, no histórico barrio dos Muíños. Este espazo da vila mindoniense é un histórico asentamento de artesáns que aproveitaba a auga de canles e muíños como forza motriz para proporcionarlles enerxía mecánica e mesmo luz artificial. Na actualidade unha nova xeración de creadores ocupa algunhas das edificacións como lugar de traballo, venda e aprendizaxe.

Nado en Cuntis, poboación vencellada á romanización da Gallaecia, Fernando elixiu as Terras

de Miranda para establecerse como profesional da pedra e consolidar unha traxectoria autodidacta que abrangue vinte anos neste eido tan definitorio da nosa cultura. O seu obradoiro no barrio dos Muíños abriu as súas portas en 2014.

O noso protagonista traballa con granito e mármore, dous dos minerais que máis se prestan ao traballo con maceta e cicel, sendo o primeiro moito máis abundoso polas características xeolóxicas do país. Como o habelencioso tallista que é, consegue darlle a cada peza un acabado maxistral, combinando superficies puídas con outras

traballadas a punteiro ou gradina para lograr un efecto de contraste e variedade de texturas.

A produción deste escultor é do máis diversa: figuras, reloxos, accesorios de cociña, escudos en baixorrelevo, trofeos conmemorativos ou obras de maior formato coma cruceiros. Os agasallos personalizados, coma os retratos gravados en pedra, teñen moita demanda. A maioría dos encargos que recibe Fernando proveñen dos naturais do país, pero as súas creacións viaxan tamén a outros lugares da península. Non podemos esquecer a súa obra máis intimista, na que ocupa un lugar destacado

a denuncia contra a violencia de xénero que percorre a serie Todos somos 016.

No seu luminoso obradoiro acolle con frecuencia a visita de centros escolares que teñen deste xeito a oportunidade de experimentar un achegamento de primeira man ao oficio da talla en pedra. Tampouco ten inconveniente en participar en feiras e encontros de artesanía de toda Galicia, levando o seu enxebre oficio onde sexa preciso. Nunha vertente máis artística adoita colaborar coa galería Terra Branca de Mondoñedo, expositor das obras deste canteiro do novo século con alma de poeta.



© Marta Hernández



Katova

*A cor é a gran protagonista en tódolas súas obras.
Na actualidade está facendo a súa incursión na técnica
do gravado, disciplina que complementa coa realización
de instalacións artísticas.*

📍 Maariz, n.º 2 | 27740 Mondoñedo

📞 +34 626 766 235

✉ bisontemaariz@gmail.com

📘 @bisontedemaariz

📷 @bisontedemaariz

🌐 www.bisontemaariz.com

🕒 De 9.00 a 13.00



En ocasións atopamos artistas moi elocuentes, perante os que resulta obrigado deixar que sexa a súa propia voz a que nos fale do seu traballo. A nosa protagonista fainos o seguinte relato:

«Katova é o nome artístico de Carmen Tomé Valiente, pintora autodidacta e antropóloga madrileña afincada dende hai anos en Maariz (Mondoñedo), onde mantén o espazo cultural aberto O Bisonte de Maariz, á mesma beira do Camiño do Norte a Compostela.

Durante anos ten viaxado e traballado en distintos países de América Latina (Nicaragua, Bolivia, República Dominicana, Colombia, Brasil, Haití, Cuba etc.), feito que se reflicte na súa abordaxe pictórica. A súa pintura nútrese desta experiencia latinoamericana, enriquecida coa luz do Caribe.

Malia principiar o seu desenvolvemento artístico no eido da fotografía analóxica, axiña encamiña os seus pasos cara á pintura acrílica e a encáustica, adoptando un estilo moi vital, ligado á escola

expresionista e ao fauvismo, mais tamén próximo ás veces á psicodelia e ao naïf. En calquera caso, a cor é a gran protagonista en tódolas súas obras. Na actualidade está facendo a súa incursión na técnica do gravado, disciplina que complementa coa realización de instalacións artísticas. É, tamén, responsable das ilustracións de varios libros.

Outras facetas do seu traballo están orientadas á elaboración de publicacións e materiais de sensibilización para organismos internacionais, coma a Unión

Europea ou para diversas ONGs, á coordinación de eventos culturais, nos que destaca o seu papel na celebración da Semana das Artes na Mariña lucense, e a moitas outras iniciativas como presentacións de libros, publicación de artigos na prensa local, realización de festivais e faladoiros divulgativos etc.

Parte da súa obra atopou acomodo en distintos países, principalmente en coleccións particulares de Serbia, Alemaña, Francia, República Dominicana e os Estados Unidos de América».



Pequeno Tres Pesos

As actividades que máis tempo demandan do noso artesán son as que atinxen á restauración de mobles, tallas figurativas ou pezas de artesanía.

📍 Rúa Cidade de Viveiro, s/n | 27800 Vilalba

📞 +34 650 203 204 | +34 982 511 289

✉️ pequenotrespesos@hotmail.com

📘 Pequenotrespesos 2

🕒 De 16.00 a 22.00. Cita previa



Ninguén dubida que a madeira natural é un elemento prezado, un material nobre, se se prefire. As súas cualidades e laborioso proceso de obtención fan do tecido arbóreo un produto que require de técnicas e coñecementos artesanais específicos. Na capital da Terra Cha atopamos a un dos mellores expoñentes das artes da madeira en Galicia en calquera das súas modalidades: talla, ebanistería, policromado e restauración.

Marcos Ladra Sanjurjo adoptou o alcume do seu avó como pseudónimo artístico. Antes de abrir o seu obradoiro, viviu diferentes etapas formativas en

territorio galego, cursando primeiro o bacharelato artístico en Burela e a continuación realizando o módulo de Artes Aplicadas á Madeira na EASD Ramon Falcón de Lugo. Para rematar, completou o seu currículo académico na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais De Galicia, en Pontevedra. Mais o periplo de Marcos, lonxe de rematar, continuou en forma de feiras de artesanía e distintas intervencións en traballos coma a recuperación dos retablos do santuario da Virxe da Barca de Muxía ou o arranxo das bóvedas do Pórtico da Gloria da Catedral compostelá.



A produción deste vilalbés abrangue dende obra escultórica propia, cun marcado estilo naturalista-expresionista, ata traballos por encarga coma mobles, trofeos —por exemplo os que se entregan no Festival de Cine de Roca, en Guitiriz— ou rótulos para vivendas e establecementos comerciais. Porén, as actividades que máis tempo demandan do noso artesán son as que atinxen á restauración de mobles, tallas figurativas ou pezas de artesanía. A súa sona faille recibir encomendas de todo tipo, salientando a recuperación de imaxes relixiosas e mobiliario. Ás veces, a liberdade




que lle conceden para satisfacer un encargo ten como resultado pezas de marcado carácter artístico, coma a titulada *Árbore dos namorados*, unha obra de gran formato da que se mostra particularmente orgulloso.

Castiñeiro, carballo ou ciprés son algunhas das madeiras coas que traballa Pequeno Tres Pesos, quen tamén é requirido para impartir obradoiros de talla e restauración polas parroquias chairegas. O noso artesán transmite así a súa paixón por esculpir vida no durame, esa materia única que nos cativa mediante o tacto, a vista e mesmo o olfacto. ●

Camiño de Fisterra e Muxía

Atrás queda Santiago, pero entre este e o solpor na fin da Terra escintilan, coma tesouros viventes, os espíritos creativos que nos agasallan co abraio feito moble, belísima prenda ou mochila na que gardar lembranzas e vivencias, mais tamén a arte nada do máis fondo.

- Santiago de Compostela
 - Roxos
 - Mar de Oellas
 - A Ponte Maceira
 - Negreira
 - Zas
 - O Cornado
 - Santa Mariña
 - Lago
 - Olveiroa
 - Hospital
 - Dumbria
 - Senande
 - San Martiño de Ozón
 - Santuario da Virxe da Barca
 - Muxía
 - Facho de Lourido
 - Lires
 - Castrexe (Praia do Rostro)
 - Corcubión
 - Fisterra
 - Faro Fisterra
- Ultramar. La Casa Azul**
- Pécora**
- Viki Rivadulla**
- Maranxo**
- Woodworks Buschmann Bella**
- Mimadriña**
- Moncho artesanía en cuero**





Ultramarte La Casa Azul

*Unindo arte, crecemento persoal e natureza,
as portas do estudio ábrense cara un bosque próximo,
no que teñen continuidade moitas das actividades
que realiza o centro.*

- 📍 Rúa de Muros, n.º 151 - Vilastrexe | 15896 Roxos
- 📞 +34 627 859 101
- ✉️ ultramartestudio@gmail.com
- 📘 @ultramarte.artstudio
- 📷 @ultramarteart
- 🌐 www.ultramartestudio.com
- 🕒 De 10.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 h. Cita previa



Non tódolos espazos que propoñemos visitar teñen como finalidade comercializar os seus produtos artesanais, ben sexan de concepción propia como realizados por encarga. Tamén queremos darlle visibilidade a esoutros obradoiros dedicados a ofrecer un tipo de artigo intanxible pero valioso tamén: as experiencias.

Ultramarate é o proxecto vital e profesional de Paula Paradela, compostelá, e José Torres, natural do Perú, no que se ven apoiados por multitude de colaboradores de distintos eidos da plástica, a

música e as terapias naturais, por mencionar algúns. Entrámbolos dous rehabilitaron a acolledora vivenda que acolle as múltiples actividades que se desenvolven no centro: obradoiros de debuxo e pintura, arteterapia, corteterapia, clases de biodanza etc., e na que tamén venden creacións artesanais propias.

Certamente, resulta moi difícil non reparar na viva decoración que lle dá nome á casa, e que convida a deterse ao seu carón e deixarse seducir pola curiosidade. Precisamente esa característica, a curiosidade, é unha das que levou a

Paula a formarse como arqueóloga, viaxar e investigar nas posibilidades terapéuticas da arte, ese mundo de cores e sensacións que xa a cativara dende pequena. De volta en Compostela, dedicouse á pintura ata que a súa inquedanza a levou a promover distintas iniciativas artístico-educativas co apoio da súa familia, que terán o seu cumio no ano 2015 coa creación de Ultramarate, o seu proxecto actual.

Partindo da idea de unir arte, crecemento persoal e natureza, as portas do estudio ábrese cara un bosque próximo, no que teñen

continuidade moitas das actividades que realiza o centro. Unha das máis exitosas son os campamentos druídas para os máis cativos, que teñen lugar no verán. O resto do ano prográmanse distintos obradoiros de debuxo e pintura, modelado en arxila, papel maché etc., así como cursos de ioga e terapias naturais, concertos e outro tipo de encontros relacionados coa arte, a maxia e o autocoñecemento. Como vemos, unha oferta moi ampla arredor dun concepto que converte o benestar das persoas e a súa conexión co natural e o trascendental na súa razón de ser. ●



Pécora

As creacións de Pécora abrazan o corpo sutilmente e engádenlle ás, pétalos ou criaturas mariñas que dan lugar a prendas e complementos que celebran o amor pola vida.

📍 Ponte Maceira, n.º 4 | 15868 Ames

📞 +34 639 764 336


✉️ holapecora@gmail.com

📘 @pecoramodartesana

📷 @pecoramodartesana

🌐 www.pecoramodartesana.com

🕒 Cita previa



D icir que a natureza é unha fonte inesgotable de inspiración resulta unha obviedade. Poetas, artistas ou compositores teñen atopado nela un vehículo para expresar os máis fondos sentimentos. En tempos máis recentes, o eido da moda ten sucumbido á exuberancia e vitalismo dos deseños naturais, facendo dos estampados un imprescindible en calquera gardarroupa.

Mónica Rodríguez licenciouse en Historia da arte antes de descubrir, mentres tentaba comercializar as bonecas que confeccionaba a partir de farrapos, que os vestidos que facía para elas podían ser o xermolo dun novo horizonte profesional. Convencida das posibilidades

que a moda pode brindar para xerar cambios trascendentais, matriculouse na EASD Mestre Mateo de Santiago, mais antes diso contou coas ensinanzas de Selvita, modista na vila de Negreira, que lle transmitiu os seus coñecementos de costura. Empurrada polas circunstancias a achar o seu oco no sector téxtil, Mónica concebiu Pécora, un proxecto laboral e vital inspirado pola natureza na súa forma e polo respecto cara a ela mesma no seu fondo.

A filosofía desta marca artesá, representada por unha garza coa plumaxe estampada, segue os principios da fabricación ecosostible de roupa. Baseadas na reutilización de tecidos e no uso

de técnicas tanto tradicionais —coma a tintaxe vexetal— ou máis modernas, caso da estampación dixital, as creacións de Pécora abrazan o corpo sutilmente e engádenlle ás, pétalos ou criaturas mariñas que dan lugar a prendas e complementos que celebran o amor pola vida. Vestidos e quimonos converten o feito de vestir nunha experiencia para os sentidos tanto propios como alleos, mentres que bolsos e sombreiros acadan nas súas mans formas e texturas cun gran compoñente imaxinativo, que non podemos cualificar senón coma obras de arte.

Como corresponde a unha firma

que aposta pola moda lenta, a súa produción concrétese en series limitadas, coma a dos panos e fulares de seda *habotai*, rematados coa técnica do rolo a man.

Ademais, Pécora colabora con outras artistas que atopan nos seus deseños un novo campo de expresión. E non esquecemos a súa dispoñibilidade para satisfacer traballos personalizados, coma os que conseguen converter flores en fermosos estampados ou os de transformación de prendas, ámbolos dous co selo inconfundible dunha artesá orgullosa do rural pero con proxección universal.



© Alejandra Flo



Woodworks Bushmann Bella

Cun mínimo de ferramentas manuais e a través dun esforzo metódico no que o tempo investido no proceso resulta clave, este creador de fondas conviccións logra unhas obras de gran pureza estética, funcionais á vez que atemporais.

📍 Rúa Antonio Porrúa, n.º 3 | 15130 Corcubión

📞 +34 606 461 086

✉ info@woodworksbb.es

📷 @frankbuschmannbella

🌐 www.woodworksbb.es

🕒 Cita previa

© Senén Insua



© Senén Insua



© Senén Insua



© Senén Insua

Galicia é lugar de paso para infinidade de viaxeiros que, seguindo o itinerario xacobeo, recalan nas nosas aldeas e cidades antes de continuar a súa aventura ou de retornar aos seus fogares. Algúns deles, ademais, rematan establecendo un vencello afectivo con esta terra de acollida e deciden ficar connosco. Frank Buschmann é unha desas persoas. Nado en Sudáfrica, a súa traxectoria vital describe unha liña sobre o mapamundi con vértices en Nixeria, Alemaña, Holanda, Madrid e... Corcubión. Ata a vila mariñeira chegou co seu macuto ategado de experiencias no eido da ebanistería, o deseño, a xestión cultural, a arte e a cooperación.

Malia que xa fundara o seu proxecto en Madrid tempo atrás, algo no seu interior lle bisbou que se atopaba no lugar axeitado para chantar a mesa de traballo e escomezar a «alumar» pezas de artesanía con alma de museo; seguindo a filosofía dos Shakers, unha comunidade que sentou as bases do deseño moderno de mobles, Frank desenvolveu unha disciplina de traballo na que o resultado final vai en relación da entrega que se lle dedica á peza.

Cun mínimo de ferramentas manuais e a través dun esforzo metódico no que o tempo investido no proceso resulta clave, este creador de fondas conviccións logra unhas obras de gran pureza estética, funcionais á vez que atemporais. As ensamblaxes, coma o resto da construción do moble, seguen técnicas tradicionais. Non pode ser doutro xeito, pois neste camiño do que poderíamos chamar *slow furniture* hai unha clara aposta polo traballo ben feito.

As encargas son a base da produción que sae do obradoiro de Frank. Falamos sen dúbida de obxectos feitos a medida para o que é xa un lema deste artesán: a boa vida. Imaxinemos o tempo e as vivencias que podemos compartir arredor destes elementos do noso fogar e decatáronos do absurdo que resulta substituír cada poucos anos produtos estandarizados e de escasa calidade que pasan pola nosa existencia sen que cheguemos a lograr unha conexión emocional con eles. Velaí unha filosofía que abrangue a totalidade, a importancia das relacións, do tempo saboreado, e, por que non, do pracer de adquirir unha peza de valor que fai que nos sintamos ben cada momento que interactuamos con ela.



Mimadriña

Como habitante da beiramar, Palmira demostra unha querencia especial pola representación de escenas nas que o océano e as súas criaturas son protagonistas.

📍 Rúa da Coruña, n.º 46 - Sardiñeiro de Abaixo | 15153 Fisterra

📞 +34 647 773 652

✉️ mimatenda@gmail.com

📘 @mimadrinhaartesiaeducacion

📷 @mimadrinha

🌐 www.mimadriña.com

🕒 Tarde. Cita previa



Un nome que é unha intersección de abraio. Quizais non haxa outra verba máis acaída para definir a sensación ao descubrirmos as infindas posibilidades dun material humilde coma o papel en mans dunha creadora inesgotable. Pero falar de creatividade neste caso é dicir pouco da muller que leva detrás desta orixinal iniciativa dende o ano 2012. Palmira é unha persoa co corazón enriquecido polos azos de explorar e descubrir novas habelencias, sen deixar de compartir as xa adquiridas con moita imaxinación e perseveranza.

Esta fisterrá, que se define como educadora social e artesá (ademais fixo estudos de Historia e teatro) atopou na antiga arte da papiroflexia un camiño de vida que, como ela recoñece, ten encrucilladas con outras actividades e proxectos, entre os que podemos citar o de Etel & Pan, unha orixinal proposta gastronómica que codirixe na súa vila de residencia.

Levar a fráxil disciplina do pregado de papel ata multitude de fogares, tanto galegos como de fóra) require dun talento pouco común. Palmira albiscou a novidosa idea de fixar as súas figuras multicolores nun soporte, converténdolas en

auténticas obras de colección. Nestes traballos, o fondo chega a cobrar tanta importancia coma os elementos que lle dan vida á composición, e, xunto con técnicas de esgazado, cosido e superposición do papel, logran o efecto de atoparnos ante un pequeno teatro ou paisaxe ategados de poesía.

Como habitante da beiramar, Palmira demostra unha querenza especial pola representación de escenas nas que o océano e as súas criaturas son protagonistas. Froito desta paixón é o proxecto itinerante e participativo O Mar no Camiño, no que colabora con outras entidades para achegarlle á escola a maxia da arte do papel a través dunha fermosa e estimulante historia. Nesta singradura polos centros educativos acompaña unha máquina de coser con máis de cento corenta anos que pertenceu á súa bisavoa, e á que seguramente lle queden aínda moitas aventuras nas mans de Palmira.

Arte que aprezan grandes e cativos. Unha fiestra aberta ao mar na nosa parede. Todo isto a partir dese material irreductible ante o avance das novas tecnoloxías que é o papel e da imaxinación dunha artesá senlleira que nos confesa: «de maior quero ser moitas cousas».



Moncho Artesanía en Cuero

Cunha formación autodidacta, o noso artesán desenvolveu unha particular afección polas pedras preciosas, incorporándoas en moitas das súas pezas como elemento decorativo e de contraste.

📍 Lugar da Insua, n.º 79 | 15155 Fisterra

📞 +34 637 188 805

✉️ ramoniva@hotmail.com

📘 @monchoartesaniafisterra

📷 @monchoartesania

🕒 De 10.00 a 14.00 e de 17.00 a 22.00



Fisterra é a xenuína fin do camiño para cantos peregrinos descubren que o sol segue a poñerse alén da histórica meta en Compostela. As almas viaxeiras coinciden, pois, neste balcón ao vello Atlántico que lle pon conclusión á aventura iniciada moitos quilómetros antes. Logo disto, serán maioría os que decidan volver ao seu fogar, mais tamén hai espíritos intrépidos, persoas que achan un poderoso motivo para ficar e converterse en testemuñas do mesmo fenómeno que as levou ata alí. Moncho é destas últimas; chegado dende o tradicional berce do calzado peninsular, Alacante, decidiu establecerse neste extremo do continente coa idea de vivir do seu traballo co coiro, un material nobre, resistente e con múltiples aplicacións.

Cunha formación autodidacta neste eido, o noso artesan desenvolveu unha particular afección polas pedras preciosas, incorporándoas en moitas das súas pezas como elemento decorativo e de contraste, malia que tamén poderían cumprir unha función máis trascendente, para aqueles que cren no poder de minerais coma o ámbar ou a pedra lúa. Ademais estas xemas poden ir

engastadas en latón, dándolle un toque retro ao conxunto.

A súa tenda-obradoiro, situada a pouca distancia do famoso areal de Mar de Fóra, é un delicioso espazo cuxa porta permanece aberta para recibir a calquera que sinta a chamada da curiosidade. Tódolos produtos que crean as mans de Moncho van ocupando, de xeito ordenado e sen asoballarse, os andeis que penduran nas paredes de cantaría de granito, nas que tamén teñen un discreto protagonismo as tallas de madeira orientais e outros obxectos curiosos. De cando en vez un amigable felino xorde entre a mercadoría exposta, lembrándonos a silandeira compañía que prestan os gatos a tantos creadores solitarios.

Rompendo o tópico dos locais de *souvenirs*, que inzan os destinos turísticos de obxectos de calidade discutible e feitos en países moi afastados, establecementos coma este ofrecen un xénero de indubidable valor, realizado con agarimo e respecto polos procesos tradicionais. Ben adquira unha mochila, un amuleto ou unha carteira, o viaxeiro que chegue ata este obradoiro na fin do mundo ha levar consigo a esencia mesma do Camiño.



© César Arxina



Maranxo

Para a nosa artesá o interior é tan importante coma o que se mostra á ollada, por iso a elegancia e sobriedade da pel en distintas combinacións cromáticas atopa un atinado contraste nos coloridos forros.


📍 Añobres, n.º 63 | 15125 Muxía

📞 +34 606 133 893

✉️ marybrr@hotmail.com

📘 @maranxo

🕒 Cita previa



As bisbarras lindeiras coa Costa da Morte son coñecidas polo desenvolvemento dunhas actividades artesanais concretas, como é o caso do encaixe ou da olería. Porén, amais destas que gozan do abeiro institucional, existen outras propostas de calidade innegable que paga a pena considerar ao noso paso por estas terras.

Maranxo é un taller especializado nos complementos en pel. Tras esta marca de resonancias oceánicas atopamos a Mari, muxía que decidiu exercer o seu oficio no lugar que a viu nacer. Apaixonada das manualidades e da estética dende cativa, Mari aprendeu de maneira autodidacta todo o que precisaba para dedicarse ao labor do coiro, abrindo o seu obradoiro no ano 2013.

A nosa artesá goza creando os seus propios deseños e xogando con tódalas posibilidades que ofrecen cores e formas. Coma se dun xogo de construción se tratase, vai incorporando elementos xeométricos nas súas pezas que rachan a uniformidade da pel. Os círculos, ben en coiro tinguido, estampados ou mesmo formando buracos (coma no bolso *Gruller*) outórganlle un matiz moi contemporáneo ás súas creacións. Figuras femininas, ditos enxebres, estrelliñas, formas vexetais, corazóns ou os seus amados felinos

son outros dos motivos cos que personaliza os seus artigos. Pero aínda hai máis; para Maranxo o interior é tan importante coma o que se mostra á ollada, por iso a elegancia e a sobriedade da pel en distintas combinacións cromáticas atopa un atinado contraste nos coloridos forros, que te convidan a abrir e pechar bolsos e carteiras mesmo sen ter motivo. E falando de apertura, os mecanismos que Mari incorpora nos seus produtos resultan igualmente rechamantes, remedando as ferraxes dun cofre do tesouro.

Cintos, pulseiras, moedeiros, bandoleiras son outros dos traballos que Mari pon á venda no seu espazo, en tendas físicas ou virtuais e, como non, nas feiras onde é convocada. Pero quizais debamos facer mención especial a un dos artigos máis demandados deste obradoiro: as mochilas. Algunha delas mesmo ten chegado a lugares tan afastados coma o Xapón. Estes accesorios tamén teñen moito que ver cos camiños a Santiago, e a nosa protagonista fai deles un obxecto non só útil, senón tamén de luxo. Coidamos que, ben se trate da nosa compañía de viaxe ou do gardián dos nosos cartos, paga a pena investir na calidade e orixinalidade que nos ofrece unha firma artesá coma esta.



Viki Rivadulla

As súas representacións vense enriquecidas por múltiples detalles que nos falan da cultura mariñeira: o potente imaxinario, as lendas, o mundo do traballo, a vida na costa... e da muller como parte dese mundo.

📍 Rúa Mariña, n.º 39 | 15124 Muxía

📞 +34 661 925 367

✉️ vikirivadulla@gmail.com

📘 Viki Rivadulla

📷 @vikirivadulla

🌐 www.vikirivadulla.com

🕒 Cita previa



En non poucas ocasións a arte vén reivindicar unha visión alternativa ao pensamento tradicional e dominante. Coma unha forma de xustiza, esta linguaxe directa e emocional, sen circunloquios nin demagogia, chégalles aos corazóns das persoas cun poderoso embate que derruba os prexuízos e as convencións máis ríxidas. No caso de artistas como Viki Rivadulla, esa forza expresiva móstrase á vez exuberante e chea de tenrura, facendo imposible que nos mostremos insensibles á súa mensaxe.

Orixinaria do coruñés barrio de Monte Alto, a vida de Viki estivo sempre vencellada a Muxía, terra natal da súa nai e lugar no que reside e traballa actualmente. Dese vila e das paisaxes e lugares que forman a Costa da Morte bebe gran parte da súa inspiración. Series coma O Bruar da Bughina, Nemancos ou Mariñeiras fálannos desta relación da artista coa súa contorna humana e natural, que é tamén, na súa obra, un espazo reconquistado pola muller tras séculos de marxinación patriarcal.

Licenciada en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela, Viki exerceu a docencia antes de se mergullar profesionalmente nas artes plásticas. A vocación, porén, xa estaba aí dende nena e mesmo

antes de rematar os estudos xa realizaba exposicións. Coa mesma incerteza que supón o mar aberto para as xentes que nel se aventuran, pero tamén coa coraxe dunha muller disposta a acadar os seus soños, a nosa protagonista foise abrindo camiño na pintura e na escultura de xeito autodidacta, e chegou a dar clases de ámbalas dúas disciplinas. Ademais, Viki é artesá bonequeira e tamén ten ilustrado distintas publicacións. Toda esta actividade creativa compaxinaa co seu traballo na área de Cultura do Concello de Muxía.

Viki define a súa obra coa palabra compromiso, que entende como algo consustancial ao feito de vivir. O elemento humano, esencialmente feminino, prevalece na súa pintura, que revela un estilo caracterizado polas cores intensas e uns trazos á vez rotundos e fluídos. As súas representacións vense enriquecidas por múltiples detalles que nos falan da cultura mariñeira: o potente imaxinario, as lendas, o mundo do traballo, a vida na costa...e da muller como parte dese mundo. Son esas mulleres, na súa diversidade de personificacións, un reflexo das inxustizas e da loita que teñen que afrontar nun mundo gobernado polo patriarcado, mais tamén da esperanza e do poder transformador que elas atesouran coma un berro de liberdade.

Santiago de Compostela

Tradición ouriveira, escultura e téxtil reciben á peregrinación na súa meta. A hospitalaria Compostela bole de talento; logo de coller folgos paga a pena perderse nas rúas da Rosa de pedra para descubri-lo.



- 1 Susi Gesto
- 2 Kinga Haudek
- 3 Brigantia Orfebres
- 4 Boneco Tolo
- 5 Jatafarta
- 6 Boina Galega
- 7 IlexTalla
- 8 lo Obradoiro Téxtil
- 9 Nonaut



Susi Gesto

Empregando ouro, prata e cobre como metais de base e facendo uso de materiais e técnicas propias da ourivería compostelá, Susi acada pezas de innegable beleza, enraizadas na tradición secular pero ao mesmo tempo vangardistas no seu deseño.

📍 Praza da Algalia de Abaixo, n.º 9 | 15705 Santiago de Compostela

📞 +34 657 841 434 | +34 881 255 113

✉️ susigesto@hotmail.com

📘 Susi Gesto

📷 @susigesto

🕒 Cita previa



Como é posible impregnar de historia un obxecto que acaba de nacer? A pregunta rolda a cabeza ata que a ourive compostelá Susi Gesto, descendente de profesionais do gremio, nos fala do pacto que se establece entre artesá e cliente para converter o acto de agasallar unha xoia nun fito da lembranza. Para ela, un enfeite de metal precioso non ten maior valor có da materia prima se non leva aparelado un soño, un degoiro, unha historia previa ou mesmo futura, por iso non pode haber un baleiro detrás daquela, como tampouco o hai na súa historia particular.

Filla do ourive compostelán Eloy Gesto, Susi criou se no mesmo ambiente que a levaría a converterse nun referente deste eido tan vencellado á identidade de Compostela, en especial da Cidade Vella. Porén, non foi ata despois do prematuro

pasamento do seu pai que Susi descubriu a súa vocación verdadeira como creadora de xoias. Con toda a bagaxe que supoñen semellantes antecedentes, decidiu especializarse na arte da filigrana e abrir o seu obradoiro, O Recanto, nun dos accesos á zona monumental.

Empregando ouro, prata e cobre como metais de base e facendo uso de materiais e técnicas propias da ourivería compostelá, coma o azibech e o buril, respectivamente, Susi acada pezas de innegable beleza, enraizadas na tradición secular pero ao mesmo tempo vangardistas no seu intrincado á vez que fluído deseño. Nelas adiviñamos arquitecturas oníricas, barrocas á vez que lixeiras, nas que os ocos son tamén espazos cheos de significado. E falando de significado, acaso a xoia coa que máis se identifica a nosa protagonista

sexa o sapo, un enfeite tipicamente galego e orixinariamente protector do xénero feminino. As arracadas e pulseiras, cuxa historia na nosa terra se remonta á Idade do Bronce, son outras pezas frecuentes na produción de Susi Gesto, que tamén atende solicitudes en forma de colares, chaveiros ou torques, por sinalar algúns.

Non podemos esquecer os obradoiros de fin de semana nos que esta creadora senlleira comparte o seu talento e amor pola artesanía con aquelas persoas que asumen o desafío de dar vida coas súas mans a un fragmento de memoria, ese obxecto que posiblemente levaremos preto do corazón ou encol dalgunha arteria vital e, polo tanto, deberamos sentir como propio. ●






Kinga Haudek

O exquisito emprego das materias primas é de destacar nas súas pezas, mais tamén o traballo de deseño que atesouran; baixo diferentes inspiracións xorden das súas mans auténticas esculturas de arte contemporánea.

- 📍 Rúa de San Pedro, n.º 83 baixo | 15703 Santiago de Compostela
- 📞 +34 671 102 861
- ✉ kingahaudek@gmail.com
- 📘 @haudekkinga
- 📷 @kingahaudek
- 🌐 www.kingahaudek.com
- 🕒 Luns de 17.00 a 20.30, de martes a venres de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 e sábado de 11.00 a 14.00



Tra-lo que podería ser o nome dunha famosa espía da Segunda Guerra Mundial agóchase unha das ourives máis talentosas de Compostela. Malia ter orixe en Budapest, cidade na que se graduou na especialidade de Socioloxía, Kinga ben pode ser considerada galega de adopción, xa que aquí realizou estudos de xoiaría artística na prestixiosa EASD Mestre Mateo, canteira de moitos artesáns da nosa terra ao longo de décadas.

Xa asentada na cidade xacobeá, e en posesión da carta que acredita a súa profesionalidade, Kinga escolleu a rúa de San Pedro, vía de entrada á zona monumental dos peregrinos do Camiño Francés, para establecer o seu obradoiro. Alí foi alumando diversas coleccións baseadas nese prezado metal que chamamos prata, ao que engade a miúdo detalles de contraste realizados en obsidiana, azibeches ou minerais que atopa na natureza, mentres que cando procura a sutileza dos destellos se decanta por xemas máis miméticas coma a circonita branca.

Pero se o exquisito emprego das materias primas é de destacar nas súas pezas, non o é menos o traballo de deseño que atesouran; baixo diferentes inspiracións xorden das

súas mans auténticas esculturas de arte contemporánea en formato reducido. Deste xeito, as estruturas minimalistas reproducen o patrón dos milenarios pavimentos das rúas de Santiago en elegantes pulseiras e pendentes. Noutras coleccións como Tango ou Músicos destaca o movemento suxerido a través de personaxes esquemáticas que semellan caracteres orientais. A homenaxe á súa terra de acollida se convértese en alfaia baixo nomes tan icónicos como *Fragas do Eume*, *Rías Baixa* ou *Pico Sacro*, sen esquecer referencias ao camiño xacobeo ou á cultura maxiar do país no que se criou. Por último podemos sinalar a querenza da nosa artesá pola natureza nas súas diversas formas; nas súas pezas non hai xeometrías ríxidas, senón que adoptan aparencia orgánica mesmo naquelas partículas máis exactas, coma os cristais de xeo.

O labor solitario de Kinga correspóndese co moi atinado cualificativo que loce na súa web: artista xoieira; A totalidade do proceso creativo é asumido por ela, o que posibilita a realización de encargos personalizados. Velaquí a tradición ouriveira de Compostela renovada a través desta autora singular.



Brigantia Orfebres

Malia teren diferentes visións tocante ao deseño das súas pezas, estas reflicten un estilo co que ambas se identifican, e no que se fusionan a elegancia de grafismos e formas con elementos místicos e da natureza.

📍 Rúa de San Pedro, n.º 79 baixo | 15703 Santiago de Compostela

📞 +34 682 293 304

✉️ brigantiaorfebres@gmail.com

📘 @brigantiaorfebres

📷 @brigantiaorfebres

🌐 www.brigantiaorfebres.com

🕒 De luns a venres de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 20.00
e sábado de 11.00 a 14.00



Dúas ourives e un sorriso compartido. Nuria e Yessy, teense e compostelá respectivamente, forman o tándem creativo detrás da marca que fundaron no ano 2019. Despois dun comezo no que as súas canles de vendas foron en esencia as feiras de artesanía e *pop-ups*, estas ourives escolleron a bulideira rúa de San Pedro para abrir a súa tenda obradoiro e achegar desta maneira o seu oficio a visitantes e naturais da cidade xacobeá. Un detalle abraiante é que ámbalas dúas, criadas no rural, coincidiron no mesmo centro cursando o bacharelato de artes, pero non foi ata que os seus camiños volveron cruzarse no ciclo de Xoiería Artística da EASD Mestre Mateo que deron comezo a unha relación de amizade que cristalizaría no proxecto actual.

O nome do obradoiro, situado nun local que acollera nos últimos anos outra iniciativa artesá, provén da deusa celta Brigantia, a cal, entre outras atribucións, posuía a de protexer e inspirar o traballo das persoas dedicadas á ourivería. Así mesmo, o logotipo da firma compostelá representa a cruz de xuncos asociada en Irlanda coa deusa Brigit.

Malia teren diferentes visións tocante ao deseño das súas pezas, estas reflicten un estilo co que ambas se identifican, e no que se fusionan a elegancia de grafismos e formas con elementos místicos e da natureza. Árbores, follas, lúas ou animais convértense en fermosas pezas de prata de lei coma pendentes, aneis ou colgantes, en ocasións lucindo vistosos esmaltados ao lume.



Noutros casos os metais nobres — ouro, prata, cobre ou latón— fanse acompañar de materias naturais como azibeches, corais fósiles, nácaras, perlas ou mesmo coco. E non podemos esquecer os traballos personalizados, que inclúen dende gargantillas que debuxan fermosas tipografías co nome propio ou chupeteiros de bebé ata a reciclaxe de xoias que ficaban durmientes nun caixón e que cobran nova vida nas mans das nosas ourives.

Amais do seu propio espazo e outros cos que colaboran, Yessi e Nuria seguen a levar as súas creacións a feiras e outros eventos nos que tamén realizan actividades de iniciación á xoiería. É unha mostra máis do carácter ledo e xeneroso destas artesás ás que lles auguramos un exitoso porvir baixo a protección da deusa Brigantia. ●





Boneco Tolo

Ana coida ao máximo a calidade do seu produto, empregando fibras naturais coma o algodón ecolóxico ou a la vegana e incorporando un recheo hipoalérxico.

📍 Rúa de San Pedro, n.º 52 baixo | 15703 Santiago de Compostela

📞 +34 650 933 763

✉ bonecotolo@gmail.com

📘 @Bonecotolo2015

📷 @bonecotolo

🕒 Tarde. Cita previa



Quen de nós non garda lembranza dalgún silandeiro compañeiro de xogos que nos acompañou nas horas solitarias da nenez? Ben sexa de tecido recheo, madeira, ou doutros materiais, este personaxe constitúe un dos primeiros obxectos cos que interactuamos e que sentimos como pertenza exclusiva, outorgándolles personalidade propia. Falamos, obviamente, dos bonecos. Tamén eles poden constituir auténticas pezas de artesanía, como demostra Ana López Souto no seu obradoiro na zona vella de Compostela.

Costureira incansable e todoterreo, Ana converte cada novelo e anaco de tea en creacións únicas. A súa nai, Dolores, transmitiulle as técnicas coas que vén gañando a vida grazas aos encargos, arranxos e obradoiros de costura que leva a cabo. A estas actividades uniu hai poucos anos a de «bonecofactora», logo de descubrir que podía adaptar a súa destreza co gancho a unha nova disciplina importada do Xapón, a dos *amigurumis*. Estes coloridos xoguetes que evocan persoeiros reais ou de ficción fan furor no país do Sol nacente, pero tamén van gañando o favor de grandes e cativos do resto do planeta. Protagonistas de filmes e series animadas, artistas

de sona, animais ou xente da nosa tradición coma o Apalpador son algúns dos motivos que inspiran o labor creativo de Ana, mais calquera que o desexe pode converterse nun boneco personalizado que tanto pode resultar un orixinal agasallo para outra persoa coma un elemento decorativo distintivo do noso fogar.

Ana coida ao máximo a calidade do seu produto, empregando fibras naturais coma o algodón ecolóxico ou a la vegana e incorporando un recheo hipoalérxico. Ademais, abastécese con frecuencia de materiais en tendas de proximidade. O seu espírito solidario móstrase doutros moitos xeitos, como por exemplo ofrecendo o seu local de traballo como punto de exposición e venda para outras artesás ou poñendo a súa máquina de coser ao servizo da sociedade de forma totalmente altruísta (confeccionou unha gran cantidade de máscaras hixiénicas durante o comezo da pandemia para distribuílas por toda Galicia). Un exemplo marabilloso de xenerosidade para unha muller que, coma unha das súas personaxes máis «bonequizadas», a artista mexicana Frida Khalo, cada día é un esforzo que desafia as limitacións do propio corpo. Nas súas creativas mans, en troques, descubrimos unha capacidade sen cancelas. ●



Jatafarta

Na procura de rachar os estereotipos que afectan a materiais propios de determinados oficios artesanís, Edita elabora novidosos artigos que achegan novas utilidades ou conceptos estéticos.

📍 Travesía de Basquiños, n.º 14 | 15704 Santiago de Compostela


📞 +34 600 295 633

✉ jatafarta@gmail.com

📘 @jatafarta

📷 @jatafarta

🕒 Cita previa



Ao igual que a poesía é a modalidade literaria que xoga coas palabras para achar sentidos novos ás súas combinacións, existen artesás que converten a súa tarefa nun campo de experimentación con resultados abraiante. Certamente, levar un material alén dos seus usos tradicionais require dunha gran capacidade imaxinativa e de reflexión. En Santiago contamos cunha desas creadoras con visión poliédrica, neste caso enfocada nas posibilidades do coiro.

A primeira letra do abecedario repítese coa forza dun sorriso no nome desta firma contemporánea. Edita Rodríguez Oca é a súa

impulsora. Licenciada en Belas Artes e diplomada en Económicas, posúe tamén no seu haber un ciclo de volume e outros cursos no eido artístico e do deseño. Malia uns antecedentes familiares vencellados estreitamente coa artesanía, Edita recoñece que foi o seu periplo formativo o que a encamiñou cara ao seu proxecto actual.

Na procura constante de rachar os estereotipos que afectan a materiais propios de determinados oficios artesáns, Edita elabora novidosos artigos que, transcendendo o campo da marroquinería tradicional, achegan novas utilidades ou conceptos estéticos. A súa gama de produtos exhibe un variado

repertorio de propostas que oscilan entre a arte e o pragmatismo, con reformulacións de obxectos cotiáns coma os bolsos Ovo, Brick ou Tokio, mochilas, uns elegantes pendentes triangulares ou o brazaletes Serpe. Xa nunha aposta pola exploración dos límites, Jatafarta ofrécenos insólitas creacións coma os reloxos en distintas combinacións cromáticas de fondo e agullas, as Casas-peto, un arnés para testos ou o exitoso espello andel que combina dúas utilidades —amais da decorativa— enmarcadas por unha caixa circular de peneira.

Tanto asociado a outros constituíntes coma en solitario, o coiro que emprega o noso

obradoiro é de primeira calidade, obtido mediante curtición vexetal a base de taninos naturais. A marca compostelá procura, deste xeito, facer a súa achega á conservación do medio ambiente co máximo aproveitamento do material e procurando que o ciclo vital deste sexa prolongado abondo. Malia este valor, que engadimos aos mencionados anteriormente, cómpre seguírle dando a coñecer os seus produtos á clientela, polo que o labor no taller é complementado pola presenza en feiras e eventos tanto en Galicia coma no estranxeiro. Alí onde vaia, cremos que Jatafarta ten moito ao seu favor para triunfar. ●



Boina Galega

Utilizando fibras e tintes naturais e aplicando técnicas universais coma o shibori ou propias coma a do feltro Nuno, Sandra consegue amplificar as posibilidades estéticas desta prenda discoidal para elevala ao nivel da arte.

📍 Rúa de García Prieto, n.º 5 entr. B | 15706 Santiago de Compostela

📞 +34 645 791 303

✉ infoboinagalega@gmail.com

📘 @boinagalega

📷 @boinagalegadesandravilas

🕒 De luns a venres de 9.00 a 14.00. Cita previa



A postar pola especialización nun produto concreto no eido da artesanía non deixa de supor unha aventura de risco nos nosos días. Porén, hai persoas que albiscan as posibilidades que permite o traballo manual e individualizado deste sector, máis adaptable e creativo có imperante na industria. Sandra Vilas é unha delas. Cunha visión moi particular do mundo dos complementos conseguiu converter un elemento vernáculo coma a pucha nunha prenda de rabiosa actualidade.

Os primeiros pasos de Sandra no apaixonante mundo da moda remóntanse á súa nenez. A carón da súa avoa foi coñecendo os segredos da costura e aplicándoos á confección de vestidos para as súas bonecas. Co tempo ela mesma se dedicará á formación impartindo diversos obradoiros, labor que compaxina coa arte téxtil. Mais é ao descubrir o feltro de la que decide orientar os seus esforzos cara este material, adquirindo técnicas específicas de traballo con el mesmo. O carácter artesán destes procesos e a desaparición das fábricas autóctonas que producían a icónica pucha galega fixéronlle decatarse do potencial de recuperar este elemento para a moda actual.

Deste xeito, utilizando fibras e tintes naturais e aplicando técnicas xaponesas coma o *shibori* ou o feltro Nuno, Sandra consegue amplificar as posibilidades estéticas desta prenda discoidal para elevala ao nivel da arte. Non en van, as súas creacións triunfan en eventos coma cerimonias nupciais e a súa demanda acada xa carácter internacional.

Amáis da la meiriña, moi apreciada pola súa calidade, a nosa artesá emprega materiais diversos como seda, liño ou mesmo palla. E malia que o produto que lle dá nome á súa marca é a estrela do obradoiro, Sandra consegue sacar tempo para ofrecer novas propostas a partir do feltro coma chales, bolsos, bufandas, complementos para vestir o fogar ou unha serie dedicada ás paseriformes que habitan a nosa terra. Seus son tamén os mitóns *Cortiza*, unindo calidez e elegancia fan un perfecto conxunto coas puchas da casa.

Especializarse, pois, sen deixar de abranguer a diversidade, medrando paseniño e ofrecendo a maior calidade nun produto respectuoso coa contorna. Velaquí algunhas claves do éxito da nosa artesanía tanto en Galicia como no exterior, das que son bo exemplo iniciativas coma Boina Galega. ●



ilexTalla

Con paciencia, esforzo e a necesaria inspiración, de entre as mans de Javier van xurdindo utensilios de cociña, bastóns, caixiñas, xaboeiras, chaveiros, relevos decorativos, así coma outros traballos máis especiais.

📍 Rúa de Amor Ruibal n.º 27-29 | 15702 Santiago de Compostela

📞 +34 609 341 546

✉️ ilextalla@gmail.com

📘 @ilextalla

📷 @ilextalla

🌐 www.ilextalla.com

🕒 De 9.30 a 13.30 e de 17.00 a 20.30



A filosofía desta publicación é recompilar a riqueza de obradoiros artísticos e artesáns nos camiños xacobeos. Nalgúns casos, resulta moi difícil facer distinción entre unha e outra tipoloxía. Javier Sanz é un estupendo exemplo disto. No seu espazo de Santiago conviven en harmonía as dúas facetas do artesán da madeira: a do artista que elabora pezas únicas e a do artesán presto a satisfacer diferentes encargos ou capaz de reproducir unha peza de deseño para a súa comercialización.

Javier, criado en terras de Burgos pero compostelán de adopción, aprendeu o oficio de maneira autodidacta. Na capital galega completou os estudos do ciclo de escultura en madeira na EASD Mestre Mateo e no CEIFP Politécnico, antes de obter a acreditación que lle permitiu establecerse como artesán e abrir o seu obradoiro. O nome deste fai referencia á denominación científica da aciñeira, árbore da que procede a madeira coa que o noso artesán fabrica as súas macetas de talla.

O espazo de traballo de Javier ten esa atmosfera que nos traslada a outra época, co recendo da madeira en suspensión no ambiente e o chan inzado de lascas. Nel dalles forma ás súas creacións a base de gubias, coitelo e mesmo un cepillo de

carpinteiro de orixe familiar con máis dun século ás costas. Con paciencia, esforzo e a necesaria inspiración, de entre as súas mans van xurdindo utensilios de cociña, bastóns, caixiñas, xaboeiras, chaveiros, relevos decorativos, así coma outros traballos máis especiais; referímonos aos distintos encargos que o noso artista recibe dende diferentes lugares da xeografía mundial. Unha parte da súa produción constitúena obras de carácter único, nas que emprega diferentes tipos de madeira, incluída a de trabes recuperadas de traballos de demolición. Ás veces atopámonos fronte a traballos eminentemente figurativos, mentres que outras reflicten un estilo máis abstracto. Como non podía ser doutro xeito, boa parte da produción do noso tallista tamén está inspirada no camiño xacobeo. Os ditos artigos poden ser adquiridos tanto no propio obradoiro coma en distintas tendas da cidade ou a través de Internet.

Non esquecemos a disposición de Ilex para acometer a restauración de pezas de ebanistería que precisan dun trato experimentado. E falando de experiencia, Javier acode con regularidade a impartir cursos de talla en madeira en distintos ámbitos e institucións, se ben agarda poder facelo moi axiña no seu propio obradoiro. De certo que co seu bo facer non lle han faltar aprendices. ●



Io Obradoiro Téxtil

*Prendas e complementos feitos á man, paseniño, imprimindo
agarimo en cada puntada da agulla e facendo uso de
materiais de calidade superior coma a la meiriña.*

📍 Paseo da Quinta, n.º 55 | 15706 Santiago de Compostela

📞 +34 646 664 070

✉ info@islowtextile.com

📷 @io.obradoirotexil

🌐 www.ioslowtextile.com

🕒 Cita previa



Só dúas letras. Baixo o nome dunha das meirandes lúas de Xúpiter preséntasenos unha marca de moda que aposta pola calidez e a calidade a partes iguais. Pequenas series pensadas cunha gran visión, a que só pode posuír unha artista coma a impulsora deste obradoiro, situado na entrada do Camiño Portugués a Compostela.

Io Morales Sánchez leva apostando pola creatividade dende moi nova. Rematada a súa formación na especialidade de Artes aplicadas á escultura, sentiuse cativada pola arte téxtil, coas infindas posibilidades que técnicas coma a calceta e o gancho lles podían ofrecer ás artes plásticas. E que mellor que lucir enriba do corpo pezas únicas cociñadas a lume lento? Io albiscou a oportunidade que lle daba o seu espírito independente para lanzarse a un sector que comeza a pensar o seu produto dende outras narrativas, máis respectuosas co medio e a saúde das persoas.

A nosa deseñadora defínese como amante da natureza, e, amais de demostralo practicando deporte ao aire libre, maniféstao na súa filosofía de traballo, adherida ao movemento *slow textile*: prendas

e complementos feitos á man, paseniño, imprimindo agarimo en cada puntada da agulla e facendo uso de materiais de calidade superior coma a la meiriña. O resultado vese en pezas tan orixinais coma o *Bolso Chocolate*, feito co gancho cunha aparencia que lembra ese «escuro obxecto do desexo» que é o doce manxar. A colección *Espigas* está formada por tres prendas en calceta que inspiran unha sensación de abeiro: chaqueta, gorro e bufanda infinda. Pola súa banda, o conxunto *Esvedro* é unha combinación de saia e mais xersei válido para calquera estación e ocasión, pois logra xuntar elegancia con desenfado nun exercicio de virtuosismo artesán.

En formato máis reducido, pero coa mesma dedicación, broches e brincos dirixen as olladas cara eles grazas ao bordado con cores eléctricas que lles dan un toque moi contemporáneo.

Estamos pois ante unha creadora coa capacidade de recoller a esencia da tradición e levala por novos camiños de sofisticación e beleza, que logra deseños únicos con nomes inspirados na rica cultura galega: Egeria, Dorna, Terra de nemancos... porque en galego tamén se viste.



Nonaut

Velaquí un artista que mestura con habelencia o rico herdo das culturas primixenias coa fascinación polo eido da ciencia ficción que tanto o acompañou durante a súa infancia.

📍 Lugar de Montes, n.º 2 A | 15705 Santiago de Compostela

📞 +34 673 019 471

✉️ nonautsculpture@gmail.com

📷 @nonaut_

🕒 Cita previa




De dispoñermos de tempo abondo unha vez rematada calquera das modalidades do Camiño con destino Compostela, unha visita moi recomendable sería, sen dúbida, a do monte Pedroso, vixía granítica ao oeste do Sarela que ofrece fermosas vistas sobre a cidade e a súa contorna. Xa no camiño de volta, ou mesmo á ida, se se prefire, podemos recalar na súa aba para coñecermos o obradoiro do escultor Nonaut, enclavado no lugar de Montes, a tan só tres quilómetros da Catedral.

Este artista nado e criado en Santiago presume de terse formado na EASD Mestre Mateo da cidade, e, ao igual có artífice do Pórtico da Gloria, emprega o granito local en boa parte das súas creacións. Estas caracterízanse por retratar seres a miúdo de trazos alieníxenos ou zoomórficos, que Nonaut denomina *alterentes* en referencia ao seu trasfondo antropolóxico. No seu particular universo tampouco faltan insólitos enxeños automobilísticos ou mesmo criaturas ancestrais que lle

renden homenaxe ao antigo bosque Libredón, precursor da cidade xacobeá. Amais da lancarita, un composto mineral da súa invención, emprega diferentes tipos de minerais, que o noso escultor coñece moi ben por mor da súa afección á xeoloxía (e á natureza en xeral). Á parte, Nonaut traballa con materiais diversos coma madeira recuperada, anacos de vidro ou cerámica ou elementos de carrozaría, concebindo no seu maxín increíbles personaxes de enigmática expresión e liñas aerodinámicas. A mesma riqueza observámola nos orixinais nomes cos que bautiza as súas coleccións: Xentidades, Zoogonías, Maremutantes, Rotocicletas, ...así coma no título individual de cada unha das súas pezas: *Aerotrasno*, *Meigamedusa*, *Tauromano*, *Velocéntrica*...

Velaquí un artista que mestura con habelencia o rico herdo das culturas primixenias coa fascinación polo eido da ciencia ficción que tanto o acompañou durante a súa infancia a través de películas, series de animación ou da banda deseñada. Como curiosidade, cabe sinalar que o seu avó exerceu como canteiro durante a primeira metade do século XX, compaxinando esta actividade coas de labrego e gandeiro, antecedentes rurais dos que este creador senlleiro se mostra ben orgulloso. Tanto é así que segue a residir na mesma casa na que medrou mentres ateigaba cada recanto da cociña de papeis debuxados con seres imaxinarios e naves espaciais sobrevoando este Campo de Estrelas no final do Camiño.





Xacobeo 2021

galiciã



XUNTA
DE GALICIA

